



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA COMPLEMENTARIA PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON PLURALIDADE DE CRITERIOS.

## Índice de contenido

CAPÍTULO I.....	3
DISPOSICIÓN XERAIS.....	3
ARTIGO 1.- OBXECTO DO PREGO DE CLÁUSULAS .....	3
ARTIGO 2.- NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO.....	3
ARTIGO 3.- DURACIÓN DO CONTRATO .....	3
CAPÍTULO II.....	4
CONDICIÓN TÉCNICAS.....	4
ARTIGO 4.- OBXECTO DO CONTRATO E PRESTACIÓN A REALIZAR POLO ADXUDICATARIO.....	4
ARTIGO 5.- PERSOAL AO QUE SE EXTENDE O PRESENTE CONTRATO.....	9
CAPÍTULO III.....	10
RÉXIME XERAL DE DEREITOS E OBRIGAS.....	10
ARTIGO 6.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.....	10
ARTIGO 7.- DEREITOS DO CONTRATISTA.....	12
CAPÍTULO IV.....	13
FACULTADES DO CONCELLO E EXECUCIÓN DO CONTRATO .....	13
ARTIGO 8.- FACULTADES DO CONCELLO.....	13
ARTIGO 9.- INTERPRETACIÓN, COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E EXECUCIÓN DO CONTRATO .....	13
ARTIGO 10.- RISCO E VENTURA.....	13
CAPÍTULO V.....	13
RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO.....	13
ARTIGO 11.- RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA.....	13
ARTIGO 12.- PREZO DO CONTRATO, ORZAMENTO DO CONTRATO E VALOR ESTIMADO.....	14
ARTIGO 13.- PAGAMENTO DO PREZO DA ADXUDICACIÓN.....	14
ARTIGO 14.-REVISIÓN DE PREZOS.....	15
ARTIGO 15.- CRÉDITO ORZAMENTARIO, DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES E FINANCIACIÓN DO CONTRATO.....	15
ARTIGO 16.- GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO.....	16
CAPÍTULO VI.....	16
INCUMPRIMENTOS DO CONTRATISTA.....	16
ARTIGO 17.- INFRACCIÓN DO ADXUDICATARIO.....	16
ARTIGO 18.- PENALIDADES.....	19
ARTIGO 19.- IMPOSICIÓN DAS PENALIDADES.....	19
CAPÍTULO VII.....	20
EXTINCIÓN DO CONTRATO.....	20
ARTIGO 20.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.....	20
ARTIGO 21.- EXTINCIÓN POR VENCEMENTO DO PRAZO.....	20
ARTIGO 22.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.....	20



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

ARTIGO 23.- APLICACIÓN DAS CAUSAS DE RESOLUCIÓN .....	20
ARTIGO 24.- EFECTOS DA EXTINCIÓN DO CONTRATO.....	20
ARTIGO 25.- A RESOLUCIÓN DO CONTRATO POR INFRACCIÓNS DO CONTRATISTA.....	21
ARTIGO 26.- PROCEDEMENTO PARA A EXTINCIÓN DO CONTRATO.....	21
ARTIGO 27.- APLICACIÓN SUPLETORIA.....	21
CAPÍTULO VIII.....	21
MODIFICACIÓN DO CONTRATO.....	21
ARTIGO 27.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.....	21
CAPÍTULO IX.....	22
CAPACIDADE PARA SER CONTRATISTA.....	22
ARTIGO 28.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.....	22
CAPÍTULO X.....	22
ADXUDICACIÓN.....	22
ARTIGO 29.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.....	22
ARTIGO 30.- PERFIL DO CONTRATANTE.....	22
ARTIGO 31.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN.....	22
ARTIGO 32.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.....	23
ARTIGO 33.- DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS.....	29
ARTIGO 34.- GARANTÍA PROVISIONAL.....	29
ARTIGO 35.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.....	29
ARTIGO 36.-OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS	38
ARTIGO 37.- MESA DE CONTRATACIÓN .....	38
ARTIGO 38.- COMITÉ DE EXPERTOS.....	39
ARTIGO 39.- APERTURA, CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.....	39
ARTIGO 40.-EXCLUSIÓN DE OFERTAS E CLASIFICACIÓN DAS RESTANTES PRESENTADAS.....	41
ARTIGO 41.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA.....	41
ARTIGO 42.- ADXUDICACIÓN.....	42
ARTIGO 43.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.....	42
CAPÍTULO XI.....	42
GARANTÍA DEFINITIVA.....	42
ARTIGO 44.- GARANTÍA DEFINITIVA.....	42
CAPÍTULO XII.....	43
DA CONDICIÓN DE ENCARGADO DO TRATAMENTO DO CONTRATISTA.....	43
ARTIGO 45.- DEFINICIÓNS.....	43
ARTIGO 46.- OBXECTO DO TRATAMENTO.....	43
ARTIGO 47.- DATOS AOS QUE SE DA ACCESO E NIVEL DE SEGURIDADE.....	43
ARTIGO 48.- OBRIGAS DO ENCARGADO DO TRATAMENTO.....	43
CAPÍTULO XIII.....	44
RÉXIME XURÍDICO E ORDE XURISDICCIONAL.....	44
ARTIGO 49.- RÉXIME XURÍDICO.....	44
ARTIGO 50.- ORDE XURISDICCIONAL.....	44
DISPOSICIÓN ADICIONAL.- Modificacións normativas.....	45



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA COMPLEMENTARIA PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON PLURALIDADE DE CRITERIOS.**

-----  
-----

**CAPÍTULO I**  
**DISPOSICIÓN XERAIS**

**ARTIGO 1.- OBXECTO DO PREGO DE CLÁUSULAS**

O obxecto do presente prego de cláusulas é regular o contrato privado de seguro de asistencia sanitaria complementaria, excluídos os accidentes de traballo, de tráfico i enfermidades profesionais, aos titulares, beneficiarios e asimilados que figuran no artigo 5 deste prego, co alcance, contido e requisitos previstos nestes pregos, sendo outorgadas, como mínimo, coa intensidade i extensión previstas no Réxime Xeral da Seguridade Social e co ámbito territorial de cobertura dos servizos e de asistencia sanitaria hospitalaria mínimo de España.

O presente prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas constitúe a lei do contrato e ten forza vinculante para o Concello de Pontevedra e o adxudicatario, con suxeición a normativa vixente.

**ARTIGO 2.- NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO**

O presente contrato ten natureza privada de conformidade co artigo 20 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

**ARTIGO 3.- DURACIÓN DO CONTRATO**

O contrato terá vixencia desde ás 00,00 horas do día 1 de xaneiro de 2012 ata ás 24,00 horas do 31 de decembro de 2015.

Poderase acordar prórrogas por períodos dun ano, ata un máximo de 6 anos máis. Este prazo máximo de 6 anos terá un carácter improrrogable, sen prexuízo da prórroga forzosa prevista no apartado d) deste artigo.

A prórroga pode producirse a instancia do contratista ou do Concello e axustarse as seguintes regras:

a) Se se produce a instancia do contratista, este debe solicitalo tres meses antes de que transcorra o prazo de finalización do contrato ou das eventuais prórrogas e debe ser aceptado de modo expreso polo Concello. Se a prórroga se solicita polo adxudicatario e non se contesta polo Concello de Pontevedra antes de que venza o prazo de duración, entón procede a extinguirse o contrato e enténdese non prorrogado.

b) Se a prórroga se produce a instancia do Concello de Pontevedra, bastará un acordo do órgano de contratación que deberá ditarse con carácter previo á finalización da duración do contrato ou das eventuais prórrogas. Está prórroga ten un carácter forzoso para o adxudicatario e non necesita aceptación deste.

c) As prórrogas só se poden acordar por anos.

d) O Concello de Pontevedra, transcorrido o prazo de vixencia do contrato (ou as eventuais prórrogas se se utiliza esta posibilidade), poderá impor ao contratista unha prórroga forzosa. Está prórroga



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

manterase ata que o novo contratista asuma o contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria ou se opte por non continuar coa subscrición dun novo contrato desta natureza, sen que poida exceder, en todo caso, de 6 meses.

Na concesión de prórrogas o Concello examinará no seu momento a concorrencia doutros posible intereses públicos ou necesidades, como a conveniencia de nova licitación á vista das posibilidades do mercado, o grao de cumprimento das súas obrigas polo contratista, etc.

## **CAPÍTULO II** **CONDICIÓN TÉCNICAS**

### **ARTIGO 4.– OBXECTO DO CONTRATO E PRESTACIÓNS A REALIZAR POLO ADXUDICATARIO**

O presente contrato ten por obxecto o contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria, que abranguerá a prestación do servizo de asistencia sanitaria do persoal que figura no artigo seguinte, que debe incluír, en todo momento, as prestacións e servizos esixidos por este prego, incluíndo como mínimo as seguintes prestacións e condicións destas, que correrán a cargo do adxudicatario:

- 1-Incluíranse as prestacións médicas de asistencia primaria, atención especializada, prestacións complementarias e servizos de información e documentación sanitaria, así como as prestacións ortoprotésicas que serán as contempladas no catálogo de material ortoprotésico do Instituto Nacional de Saúde ou vixente en cada momento.
- 2-As prestacións outorgaranse como mínimo, coa intensidade i extensión previstas no Réxime Xeral da Seguridade Social, que esta facilita a través do Sistema Nacional de Saúde e que na actualidade veñen recollidos no Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, que establece as prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- 3-O nivel xeográfico mínimo de prestación dos servizos de asistencia sanitaria complementaria ao persoal que figura no artigo seguinte será, como mínimo, en canto á asistencia sanitaria e a asistencia sanitaria quirúrxica e hospitalaria o de España e disporá de todos os medios precisos para a prestación dunha asistencia sanitaria integral, debendo contar, ao menos, cos seguintes servizos (cuxa extensión e intensidade sobre os mesmos e, sempre que respeten os mínimos do pregos na súa prestación, será ofertado e concretado polos licitadores):

- a) Medicina primaria.
- b) Medicina xeral: asistencia en consulta e a domicilio.
- c) Pediatría e puericultura de zona: Para nenos menores de 14 anos. Asistencia en consulta.
- d) Foniatria e Lopedia: Tanto consultas como operacións.
- e) Enfermería: servizo de ATS/D.U.E. En consulta e a domicilio.
- f) Urgencias: servizo permanente de urxencias que se prestará no centro ou centros propios ou concertados da aseguradora. A asistencia será domiciliaria sempre que o estado do enfermo o requira.
- g) Especialidades médicas: alergoloxía, anestesia e reanimación, anxioloxía e ciruxía vascular, cardioloxía, ciruxía ano-rectal, ciruxía cardiovascular, aparato dixestivo, ciruxía maxilo-facial, ciruxía plástica e reparadora, ciruxía torácica, dermatoloxía, endocrinoloxía e nutrición, hematoloxía e hemoterapia, inmunoloxía, medicina interna, medicina nuclear, nefroloxía, neonatoloxía, neumoloxía, neurociruxía, neurofisioloxía clínica, neuroloxía, obstetricia e xinecoloxía, odonto-estomatoloxía, oftalmoloxía, oncoloxía médica e radioterápica, psiquiatría, rehabilitación e fisioterapia, reumatoloxía, tratamento do dor, traumatoloxía e ortopedia e uroloxía.

A xinecoloxía incluírá a vixilancia do embarazo por médico tocólogo e asistencia nos partos, revisións xinecolóxicas necesarias e planificación familiar (control do tratamento con anovulatorios, colocación de DIU e a súa vixilancia, sendo de conta da aseguradora o custe do dispositivo).



EXCELENTISIMO CONCELLO  
de  
PONTEVEDRA

h) Medios de diagnóstico: os medios de diagnóstico que se achegarán serán os seguintes:

- Análises clínicas: bioquímica (incluíndo TCD), hematoloxía, microbioloxía e parasitoloxía.
- Anatomía patolóxica: cirúrxica e citoloxía.
- Radioloxía: todo tipo de estudos radiográficos con fins diagnósticos.
- Medios de diagnóstico de alta tecnoloxía: arteriografía dixital, ergometría, hemodinámica vascular, holter, medicina nuclear, amniocentesis cariotipos, resonancia magnética nuclear e TAC.
- Outros medios de diagnóstico: doppler, ecografía, electrocardiografía, electroencefalograma, electromiografía, espirometría, fibroendoscopia e polisomnografía.

A utilización dos medios de diagnóstico ou tratamento indicados anteriormente, deberán ser prescritos por facultativos do cadro médico da entidade e serán por conta da mesma todos os elementos necesarios para a realización de probas de diagnóstico.

i) Hospitalización: A hospitalización será prestada nos centros propios da aseguradora ou concertados pola mesma libremente elixidos polo beneficiario ou asegurado, como mínimo, baixo as seguintes condicións:

- Hospitalización obstétrica (Partos): En habitación individual con cama para un acompañante incluíndo os gastos de estancia e manutención da parturienta, quirófano ou sá de partos, anestesia (incluída a anestesia epidural), curas e o seu material, medicación e incubadora.
- Hospitalización cirúrxica: En habitación individual con cama para un acompañante. Os gastos de estancia e manutención do enfermo, quirófano, anestesia, medicación, curas e outros tratamentos necesarios serán a cargo da aseguradora.
- Correrá a cargo da aseguradora a prescrición e colocación de todas as próteses, tanto internas como externas, a excepción das dentarias.
- Hospitalización médica (sen intervención cirúrxica): Realízase, igualmente, en habitación individual con cama para un acompañante.
- Os gastos de estancia e manutención do enfermo, medicación e tratamentos necesarios, serán a cargo da aseguradora.
- Hospitalización en UVI: Os gastos de estancia e manutención do enfermo, medicación e tratamento serán a cargo da aseguradora. Pola súa natureza non se inclúe cama para acompañante. A duración do internamento estará en función de se o proceso patolóxico que sofre o enfermo é ou non reversible. No caso de que o enfermo non sexa recuperable, na opinión do xefe da Unidade de Coidados Intensivos, este sinalará o tempo de permanencia do enfermo.
- Hospitalización Psiquiátrica: Exclusivamente para os enfermos previamente diagnosticados por un especialista da aseguradora de procesos agudos ou crónicos en período de axitación, en réxime de internamento ou en hospitalización de día, cun límite de sesenta días por ano natural. Os gastos de estancia e manutención do enfermo, medicación e tratamento serán a cargo da aseguradora.

j) Tratamentos especiais:

- Aerosol terapia-ventilo terapia.
- PPCVA para S.A.O.S.
- Osixenoterapia ambulatoria e a domicilio.
- Transfusións de sangue e/ou plasma.



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

- Foniatría. Exclusivamente como rehabilitación en intervencións maiores de larinxe.
- Láser terapia. Queda incluída unicamente en tratamentos de fotocoagulación en oftalmoloxía, na rehabilitación músculo esquelética, o láser quirúrxico en ciruxía vascular periférica, coloproctoloxía, intervencións quirúrxicas xinecolóxicas, otorrinolarinxolóxicas e dermatolóxicas.
- Nucleotomía percutánea.
- Quimioterapia e cobaltoterapia oncolóxicas: En réxime de internamento ou en hospitalización de día. A aseguradora asumirá os gastos de medicamentos citostáticos que se expendan no mercado nacional e estean autorizados polo Ministerio de Sanidade.
- Electro radioterapia: radioterapia superficial e profunda, onda curta, raios infravermellos, raios ultravioletas e correntes eléctricas.

Os tratamentos anteriores, en todos os casos, deben ser prescritos por médicos da aseguradora que teñan ao seu cargo a asistencia do asegurado, asistencia que debe estar cuberta pola prestación.

k)Outros servizos:

- Ambulancia: Para o traslado dos enfermos cuxo estado físico o requira. O seguro cobre o desprazamento do asegurado dende o seu domicilio ao sanatorio ou viceversa para ingreso hospitalario ou asistencia de urxencia. Tamén se prestará este servizo cando o asegurado teña que asistir a sesións de rehabilitación e outras e non poda desprazarse polos seus propios medios. Será necesaria a prescrición dun médico da aseguradora, salvo no caso de urxencia.
- Matronas: Na asistencia hospitalaria ao parto.

4-A entidade aseguradora, para a prestación dos servizos de asistencia sanitaria complementaria e cumprimento deste contrato, disporá, dos medios persoais, materiais e técnicos que sexan necesarios en todo momento, e polo menos, na Cidade de Pontevedra deberá dispor dos seguintes medios:

- a)Facultativos dependentes da entidade, vinculados á mesma por calquera tipo de relación laboral ou civil. Polo menos os fixados no punto oitavo deste apartado.
- b)Centros, instalacións ou establecementos propios da entidade. Deberá dispor de a lo menos un centro propio no municipio de Pontevedra, e senón dispón del, deberá ter como alternativa un centro médico concertado con outra entidade.
- c)Centros e medios de outras entidades concertadas e que se adscriben aos fins do contrato. Deberá de dispor de alomenos un centro médico propio, e no caso de que non dispoña de centro propio, deberá de dispor de dous centros concertados.

5- As prestacións, outorgaranse, como mínimo, coa intensidade e extensión previstas no Réxime Xeral da Seguridade Social, que está facilitada a través do Sistema Nacional de Saúde e que na actualidade veñen recollidos no Real 1030/2006, do 15 de setembro, que establece as prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde. Non se incluírá e, polo tanto, non se aceptará ningunha exclusión de cobertura distinta das admitidas polo Réxime Xeral da Seguridade Social, prevalecendo esta cláusula ante calquera outra que figure no condicionado da aseguradora adxudicataria do contrato.

6-Non será de aplicación ningún período de carencia. A título de exemplo, non se admite para todo tipo de internamento (médico, quirúrxico e psiquiátrico) e tratamentos que requiran visados nin tampouco na asistencia ao embarazo, parto e probas de toda clase nos casos de embarazo anterior á subscripción da póliza.

7-Non se admite a exclusión por enfermidades preexistentes, nin de franquicia ao persoal que se refire o artigo seguinte.

8-A materialización das prestacións se realizará cos medios dispoñibles da empresa adxudicataria, ou con aqueles concretados con esta, nos termos e condicións previstos neste prego e na oferta presentada polo adxudicatario. En todo caso, para a asistencia especializada ambulatoria a empresa garantirá un mínimo de tres (3) especialistas por cada



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

unha das especialidades (admítense excepcións a esta regra sempre que se demostre polo adxudicatario que hai falla de profesionais), e para a atención primaria, un mínimo de seis (6) médicos de medicina de familia ou xeral, tres (3) pediatras, tres (3) centros de fisioterapia, dúas (2) matronas e catro (4) diplomados en Enfermería, todo isto, a lo menos, no municipio de Pontevedra. Deberase garantir que ademais dos profesionais directamente vinculados a empresa, existan profesionais independentes da mesma en tódalas especialidades, e dicir que non están na nómina de traballadores propios da entidade e a súa relación de prestación de servizo sexa calquera outra relación contractual.

- 9-No caso de atención á saúde mental para o acceso á atención por psicólogo será necesario unicamente a prescrición dun médico psiquiatra da entidade.
- 10-No suposto de que algunhas das persoas que se incluían no artigo seguinte precisase asistencia sanitaria nun municipio onde non exista algún facultativo de atención primaria (medicina xeral, pediatría ou enfermería da aseguradora), se garantirá a posibilidade de que o titular ou beneficiario ou asimilado da póliza sea atendido na consulta privada doutro facultativo de atención primaria, ou ben no centro de saúde ou consultorio periférico do Instituto Nacional de Saúde ou Servizo Autonómico de Saúde, a elección do paciente, debendo de responsabilizarse e ser do cargo da aseguradora o pago desta consulta.
- 11-A asistencia sanitaria e a asistencia hospitalaria prestarase, como mínimo, en todo o territorio nacional e será de libre elección para o asegurado dentro do cadro de médicos de familia, especialistas e centros sanitarios hospitalarios, propios ou concertados pola adxudicataria, quen deberá comprometer expresamente o mantemento do cadro proposto e aceptado, co mesmo grao de intensidade, número e similar preparación durante toda a vixencia do contrato.
- 12-O adxudicatario prestará un servizo de urxencia permanente de médicos de medicina xeral e ATS (practicantes) no municipio de Pontevedra, incluso nos domingos e festivos a domicilio. Así mesmo, prestará un servizo de urxencias médicas, quirúrxicas, traumatolóxicas, coronarias, toxocinecolóxicas, pediátricas e psiquiátricas permanentes.
- 13-O contratista deberá poder prestar todas as prestacións do contrato a nivel do territorio nacional.
- 14-O contratista deberá dispor de un departamento de solicitudes e reclamacións onde o asegurado poida expoñer os seus problemas con respecto á asistencia solicitada, se os houbese.
- 15-O contratista terá a disposición dos asegurados un asesor médico, cuxa función esté encamiñada a aclarar e aconsellar en todo momento aos asegurados.
- 16-A forma e o procedemento de prestación da asistencia sanitaria complementaria terá lugar conforme as seguintes regras:
  - a)O asegurado poderá elixir libremente para a súa asistencia a calquera dos médicos que realizan, dentro do cadro médico da aseguradora ou concertados, as prestacións sanitarias incluídas no contrato. Con independencia do anterior, poderase elixir dentro do cadro médico da aseguradora ao médico xeral ou de familia e, no seu caso, ao pediatra que se desexe como responsable/es da atención familiar. Esta adscrición poderase modificar a vontade do asegurado, bastando unha simple comunicación á aseguradora.
  - b)Os tempos máximos de consulta en ningún caso superarán as 48 horas para médicos de familia e os 15 días hábiles para o resto das especialidades, dende a petición do asegurado, a través de calquera medio: telefónico, na propia consulta, etc. En caso de superarse estes prazos, o asegurado, beneficiario ou asimilado, dará conta a compañía de seguros, a cal terá 2 días hábiles para solucionar o tema. Transcorrido este prazo, poderase buscar outro facultativo pola súa conta e se lle aboarán de inmediato os gastos da consulta ou calquera proba, previa xustificación.
  - c)A visita domiciliar de medicina xeral, pediatría, puericultura e ATS/DUE, solicitarase, para os enfermos que non podan desprazarse á consulta e será dispensada á maior brevidade posible e sempre dentro do prazo máximo de oito (8) horas.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

- d) A asistencia prestarase normalmente no lugar de consulta que figure no cadro da aseguradora, salvo que, a causa de enfermidade, o asegurado non poda acudir á consulta, en cuxo caso recibirá a asistencia, tanto médica como de ATS, no seu domicilio.
- e) O asegurado debe exhibir a tarxeta ou documento sanitario persoal que lle acredite como titular ou beneficiario da póliza de asistencia sanitaria.
- f) A asistencia hospitalaria será prestada nos centros propios ou concertados da aseguradora que poderá ser elixido libremente polo asegurado. O ingreso efectuarase por calquera médico da aseguradora e durará en tanto que o criterio médico así o entenda. A autorización inicial de ingreso non necesitará prórroga algunha e o alta será comunicada á aseguradora polo propio centro.

17-O contratista será o responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzcan para a Administración ou para terceiros ou asegurados das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

18-O contratista asumirá todos os gastos que como consecuencia das prestacións sanitarias poidan producirse.

**RISCOS EXCLUIDOS:** Unicamente quedan excluídos aqueles riscos que, non sendo prestados polo Réxime Xeral da Seguridade Social e nas mesmas condicións e alcance deste Réxime, relacione expresamente a entidade aseguradora co alcance e intensidade que determine e sempre que respecte as prestacións sanitarias mínimas fixadas neste prego.

Sen prexuízo da oferta do licitador quedan excluídos de cobertura as seguintes:

- 1) Os danos físicos como consecuencia de guerras, razóns de tipo sociais, motíns, revolucións e terrorismo; os causados por epidemias declaradas oficialmente; os que gardan relación directa ou indirecta con radiación nuclear os que proveñan de cataclismos (terremotos, inundacións e outros fenómenos sísmicos ou meteorolóxicos).
- 2) A asistencia sanitaria que estea cuberta por un seguro de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- 3) Os produtos farmacéuticos, salvo en caso de ingreso hospitalario.
- 4) Diagnóstico, tratamento e intervencións quirúrxicas realizadas con fins puramente estéticos ou cosméticos. Exceptúase o diagnóstico, tratamento e intervención quirúrxica reparadora.
- 5) Os trasplantes de órganos, a excepción do transplante autólogo de médula ósea y el transplante de córnea.
- 6) O sida e o seu tratamento, pero non as complicacións médicas derivadas da enfermidade.
- 7) A corrección quirúrxica de la miopía, hipermetropía e astigmatismo: prestarase o servizo cunha franquicia de custe fixo de 700 euros por ollo intervido.
- 8) Os gastos de viaxe e desprazamento. Non obstante, a aseguradora farase cargo dos gastos de desprazamento, do asegurado e acompañante (neste último caso sempre que a situación do paciente así o aconselle), cando por razóns médicas ou técnicas ou discapacidade do paciente non poida realizarse o tratamento na provincia de Pontevedra e sempre dentro do territorio nacional.
- 9) A asistencia e tratamento hospitalario por razóns de tipo social: o médico que asista ao paciente será o que determine o tempo de internamento hospitalario en base a razóns médicas e técnicas encamiñadas a súa curación, de tal forma que o tratamento permita a mellora do proceso de que esta





EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

a ser atendido, quedando fora destas outras coma a falta de apoio familiar en procesos de tipo paliativo, procesos de poidan realizarse ambulatoriamente sen afectar ao proceso médico, e, en xeral, aquelas outras que non se relacionen directamente co proceso médico polo que está a ser atendido.

En calquera caso o criterio do médico prevalecerá sobre calquera outro.

10) Calquera medio de diagnóstico e/ou tratamento mediante terapia xénica, estudos para a determinación do mapa xenético e calquera outra técnica xenética, coa exclusiva excepción de aquelas que figuren expresamente incluídas na cobertura, tales como a amniocentesis e cariotipos.

- Codificación correspondiente a la nomenclatura do Vocabulario Común de Contratos (CPV) de la Comisión Europea: 66512200-4 OU 66512200-4.

#### **ARTIGO 5.- PERSOAL AO QUE SE EXTENDE O PRESENTE CONTRATO**

O presente contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria exténdese a todo o persoal ou asegurados que se indica a continuación (titulares, beneficiarios e asimilados):

1- Como titulares, ao persoal do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos que se relaciona de seguido:

- a)Funcionarios do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos.
- b)Persoal laboral temporal, indefinido e fixo do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos.
- c)Persoal eventual do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos.
- d)Persoal directivo do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos.

2- Como beneficiarios, as persoas que a continuación se indica:

- a)Aos cónxuxes que reúnan todos os requisitos seguintes:
  - Que a súa parella sexa algunha das persoas que se mencionan no punto 1 deste artigo.
  - Que conviva co seu cónxuxe.
  - Que a súa parella este adherida como titular a este seguro de asistencia sanitaria complementaria.
- b)Ás parellas de feito nas mesmas condicións do cónxuxe sempre e cando dita parella este inscrita no rexistro de parellas de feito.
- c)Aos fillos dalgunha das persoas que se mencionan no punto 1 deste artigo cando reúnan todos os requisitos seguintes:
  - Que o seu pai ou nai este adherido como titular a este seguro de asistencia sanitaria complementaria.
  - Que viva a expensas da persoa que este adherida como titular a este seguro de asistencia sanitaria complementaria.
  - Que non teña dereito a recibir a asistencia sanitaria da Seguridade Social, ou outra Mutalidade, a título propio.
- d)Aos descendentes dalgunha das persoas que se mencionan no punto 1 deste artigo cando reúnan todos os requisitos seguintes:
  - Que o seu ascendente este adherido como titular a este seguro de asistencia sanitaria complementaria.
  - Que viva a expensas da persoa que este adherida como titular a este seguro de asistencia sanitaria complementaria.
  - Que non teña dereito a recibir a asistencia sanitaria da Seguridade Social, ou outra Mutalidade, a título propio.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

3- Como asimilados as persoas que se indica a continuación:

- a)As persoas que se mencionan no punto 1 deste artigo cando pasen a situación de xubilados.
- b)As persoas que se mencionan no punto 1 cando pasen a situacións como excedencias, suspensións de funcións, incapacidade total ou absoluta e outras similares.
- c)Aos beneficiarios das persoas que se mencionan no punto 1 deste artigo cando estas últimas pasen a situación de xubilados.
- d)Os funcionarios de carreira e persoal laboral fixo do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos cunha antigüidade nesta condición de a lo menos dous anos cando pasen a desempeñar servizos noutra administración pública.
- e)Aos fillos dalgunha das persoas que se mencionan no punto 1 deste artigo, cando reúnan todos os requisitos seguintes:
  - Que o seu pai ou nai este adherido como titular a este seguro de asistencia sanitaria complementaria.
  - Que teña dereito a recibir a asistencia sanitaria da Seguridade Social, ou outra Mutualidade, a título propio
- f)Aos descendentes das persoas que se mencionan no punto 1 deste artigo, reúnan todos os requisitos seguintes:
  - Que o seu ascendente este adherido como titular a este seguro de asistencia sanitaria complementaria.
  - Que viva a expensas da persoa que este adherida como titular a este seguro de asistencia sanitaria complementaria.
  - Que teña dereito a recibir a asistencia sanitaria da Seguridade Social, ou outra Mutualidade, a título propio

#### **Regra especial para os asimilados:**

No caso dos asimilados, estes terán dereito a prestación da asistencia sanitaria nas mesmas condicións que o resto do persoal que se inclúe neste contrato, e polo tanto constitúe parte do obxecto do contrato, pero coa peculiaridade de que estes subscribirán coa entidade aseguradora póliza e recibo independente, facilitando ao Concello relación de pólizas subscritas. Así mesmo os asimilados deberán aboar e soportar a súa custa o 100% da prima que lles corresponda de conformidade con este contrato.

### **CAPÍTULO III** **RÉXIME XERAL DE DEREITOS E OBRIGAS**

#### **ARTIGO 6.- OBRIGAS DO CONTRATISTA**

O contratista ten as seguintes obrigas:

- 1.Realizar a actividade obxecto do contrato (prestación do servizo de asistencia sanitaria complementaria), con estrita suxeición ás estipulacións contidas nestes pregos que serven de base ao contrato e demais normativa de aplicación, poñendo a disposición do persoal asegurado os servizos precisos para a prestación da asistencia sanitaria, ou no seu defecto, sempre que se acredite a imposibilidade por motivos debidamente xustificadas, a asumir o reintegrar os gastos ocasionados aos asegurados pola utilización de outros medios necesarios para tal asistencia.
- 2.Estar ao corrente, en todo momento, das obrigas tributarias, laborais e da seguridade social, seguridade e hixiene no traballo e calquera outra que a normativa vixente esixa para o exercicio da actividade que se presta, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este incumprimento. Todo o persoal que o contratista destine a



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

execución do contrato non terá vinculación laboral nin de ningún outro tipo co Concello, debendo ser contratados polo adxudicatario ou empresas coas que contrata ou concerta o contratista no réxime ou na modalidade que legalmente corresponda. Serán de conta do adxudicatario ou das empresas coas que contrata ou concerta os gastos do persoal empregado (incluído os que poidan orixinarse pola extinción do contrato), incluída á cotización á Seguridade Social, así como primas de seguros, e demais gastos propios da explotación.

3. Tramitar e obter ao seu cargo todas as licenzas, autorizacións e permisos que esixa o cumprimento do contrato.
4. Pagar os gastos que se especifican no artigo 16 do prego.
5. Deberá achegar toda a documentación e información que lle sexa requirida polo Concello no prazo que sinala este. En especial, deberá achegar os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social así como as declaracións trimestrais e resume anual do IVE cando llo requira o Concello e no prazo que este sinala.
6. Poñer en coñecemento inmediato do Concello cantas actuacións ou incidencias poidan producirse na execución do contrato.
7. Deberá exercer por si o contrato, sen que poida cedelo sen autorización previa do Concello e sen cumprir os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP.
8. Non poderá facer uso nas súas relacións comerciais, laborais ou calquera outras do nome do Concello de Pontevedra, salvo autorización por escrito deste.
9. Indemnizar a terceiros e ao Concello polos danos, perdas e accidentes que ocasionará a execución do contrato, por sí ou polo persoal ou medios dependentes do mesmo. Cando tales danos e perxuízos fosen ocasionados como consecuencia directa e inmediata dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nesta.
10. Deberá repoñer a garantía definitiva en caso de que se fagan efectivas penalidades nela no prazo de quince días naturais.
11. Gardar sigilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estén relacionados co obxecto do contrato e dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo. Asímismo será de aplicación o previsto na Lei Orgánica 15/2009, de protección de datos de carácter persoal, concretamente o previsto no seu art. 8 en relación aos datos relativos á saúde.
12. Achegar a súa custa os medios persoais, materiais e técnicos que sexan necesarios, e en todo caso os mínimos fixados nos pregos, para a correcta execución do contrato.
13. Admitir como asegurado a quen reunindo os requisitos fixados no artigo 5 determine o Concello de Pontevedra. A determinación dos asegurados faraa o Concello de Pontevedra, debendo colaborar a entidade aseguradora na súa concreción.
14. Actuar en todo momento de acordo coas indicacións e as observacións do Concello de Pontevedra sobre a execución do contrato.
15. Garantir que o asegurado elixa libremente o centro hospitalario de entre os propios ou concertados pola entidade aseguradora, sendo de conta da aseguradora os gastos sanitarios ocasionados, sen límite de cobertura nin de franquicias. No suposto de non poder facerse cargo dos gastos directamente a aseguradora, pola razón que fose, o asegurado terá dereito



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

ao reembolso de todos os gastos ocasionados, debidamente xustificados cos xustificantes orixinais e informe clínico nos que se fagan constar os antecedentes, tipo de doenza ou intervención sufrida e a súa evolución. No reintegro se fará no menor prazo de tempo posible que nunca será superior a seis meses, incrementándose co xuro legal a partir dos dous meses de formulada a reclamación.

- 16.A aseguradora virá obrigada a entregar a cada titular asegurado, de forma gratuita, o documento ou documentos que lle acrediten como beneficiario da asistencia médica e hospitalaria, así como a documentación impresa de que dispoña para coñecemento do cadro de facultativos, catálogo de servizos, centro ou centros permanentes de atencións, hospitais e clínicas coas súas direccións, horarios de consulta dos facultativos, servizos de información, urxencias, asistencia ambulatoria, etc.
- 17.O contratista deberá facilitar ao Concello no mes de xaneiro de cada ano unha relación actualizada do cadro de facultativos, de servizos e de centros médicos propios ou concertados.
- 18.Os fillos recen nados terán dereito a ser incluídos na póliza do titular (nai ou pai) desde o momento de nacemento, debendo comunicar tal circunstancia ao Concello na forma e prazo que se estableza para ser incluído nas altas correspondentes ao mes seguinte ao do seu nacemento.
- 19.Se algún asegurado se atopase hospitalizado, a comunicación efectuada pola aseguradora opoñéndose a prórroga da póliza non xurdirá efectos respecto de dito asegurado ata a data en que obtivese a alta hospitalaria.
20. A cumprir a totalidade das propostas de mellora sobre este prego que oferte o adxudicatario. De modo especial, deberá manter como mínimo o mesmo número de médicos, servizos e centros con características iguais ou superiores as ofertadas durante toda a vixencia do presente contrato.
- 21.A entidade aseguradora deberá facilitar unha aplicación informática ao Concello de Pontevedra que permita xestionar as altas e baixas e modificacións dos asegurados (beneficiarios, titulares e asimilados) en cada momento.
- 22.A empresa adxudicataria esta obrigada a realizar os recoñecementos médicos que necesite e requira o Concello de Pontevedra nos seus procesos selectivos nun prazo máximo de 3 días hábiles. Por cada recoñecemento que realice a adxudicataria terá dereito a cobrar o importe da prima mensual por persoa que rexa o contrato nese momento.
- 23.Calquera outra obrigación que se estableza na normativa vixente ou nestes pregos.

#### **ARTIGO 7.- DEREITOS DO CONTRATISTA**

O contratista terá os seguintes dereitos:

- 1.A percibir do Concello de Pontevedra a retribución establecida de acordo co capítulo V deste prego pola prestación do contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria. No caso dos asimilados serán estes os que teñan que aboar a prima conforme co capítulo V deste prego.
- 2.A que se facilite a través do Concello de Pontevedra os datos persoais dos asegurados, o domicilio e os cambios deste. Para que un asegurado se poida dar de alta necesariamente deberá de facilitar estes datos ao Concello de Pontevedra, e en caso de non facelo, non terá dereito a darse de alta e beneficiarse deste contrato.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

3.Dereito a cobrar as facturas dentro dos prazos fixados pola lexislación de morosidade en operacións comerciais e lexislación de contratación administrativa.

#### **CAPÍTULO IV** **FACULTADES DO CONCELLO E EXECUCIÓN DO CONTRATO**

##### **ARTIGO 8.- FACULTADES DO CONCELLO**

O Concello de Pontevedra ostenta as seguintes facultades e potestades:

- 1.A de acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.
- 2.A de interpretar e resolver as dúbidas que ofrezca o cumprimento do contrato, sen prexuízo do que dispón o artigo seguinte.
- 3.Ditar instrucións para a correcta execución do contrato.
- 4.A de modificar por razóns de interese público este contrato de conformidade co disposto neste prego.
- 5.A de fiscalizar e inspeccionar a correcta execución do contrato.

##### **ARTIGO 9.- INTERPRETACIÓN, COMISIÓN DE SEGUIMENTO E EXECUCIÓN DO CONTRATO .**

O contrato executará con suxeición á este prego e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dea a Comisión de Seguimento que existe no Concello de Pontevedra.

No Concello de Pontevedra existe unha Comisión de Seguimento do actual contrato de seguro de asistencia sanitaria, que esta formado por 6 membros (2 representantes do Concello, 2 da entidade aseguradora, 1 da Xunta de Persoal e 1 do Comité de Empresa). No presente contrato mantense expresamente a súa existencia. A súa función consiste en interpretar o contrato e dirimir os conflitos no suposto de que existan dúbidas hermenéuticas ou diverxencias. En todo caso, se a Comisión de Seguimento non é capaz de chegar a un acordo sobre a interpretación do contrato, prevalecerá a interpretación do Concello de Pontevedra.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do Concello.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados. Se a aseguradora non estivese conforme convocarase a Comisión de Seguimento e interpretará o que proceda, e en caso de non chegar a acordo prevalecerá a interpretación do Concello de Pontevedra.

##### **ARTIGO 10.- RISCO E VENTURA**

O contratista executará o contrato ao seu risco e ventura.

#### **CAPÍTULO V** **RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO**

##### **ARTIGO 11.- RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA**

A retribución do contratista esta constituída pola prima que oferte o adxudicatario, que en ningún caso será superior a 41 euros/persoal/mes (tributos e gastos incluídos).



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

O número de asegurados (titulares, beneficiarios e asimilados) actualmente no Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos está sobre 1060. A 1 de febreiro de 2011 o número de asegurados ascende a contía de 1060, dos que 893 son titulares e beneficiarios e 167 son asimilados.

O contratista percibe prima polos asimilados, se ben estes, como xa se expuxo, pagan a prima directamente e subscriben póliza independente aínda que formen parte do contrato, polo cal a cantidade que teñen que aboar estes é unha cuestión exclusiva da entidade aseguradora e dos asimilados. Así mesmo a prima que deberán pagar os asimilados será a mesma que o resto de asegurados incluídos neste contrato, que como xa se expuxo non pode ser superior a 41 euros/persoa/mes (tributos e gastos incluídos).

#### **ARTIGO 12.- PREZO DO CONTRATO, ORZAMENTO DO CONTRATO E VALOR ESTIMADO**

O prezo mensual do contrato estará constituído polo resultado de multiplicar a prima ofertada polo adxudicatario, que será por persoa e mes, polo número de asegurados incluídos na cobertura do seguro (titulares, beneficiarios e asimilados). O prezo anual do contrato estará constituído polo resultado de multiplicar 12 polo prezo mensual do contrato. O prezo total do contrato está constituído polo resultado de multiplicar o prezo anual por 10, que son o número de anos que se prevé que poida durar o contrato.

O prezo de adxudicación será o ofertado polo licitador, que en ningún caso pode ser superior ao de licitación. As ofertas económicas que formulen os licitadores serán por prezos ou primas unitarias mensuais (euros/persoa/mes), de tal maneira que a oferta do licitador non pode ser superior a 41 euros/persoa/mes. As proposicións que se presenten superando os 41 euros/persoa/mes serán automaticamente rexeitadas.

Enténdese comprendido na oferta formulada polo licitador todo xénero de gastos, incluídos os de Seguridade Social e cantos tributos graven á empresa ou actividade, así como aqueles outros precisados no prego. Nesa oferta farase referencia os tributos e, de non constar, entenderase incluído no prezo proposto polo licitador.

O prezo do contrato determinouse tendo en conta o prezo que se debería pagar dende o 1 de setembro de 2008 por persoa e mes (38,66 €/persoa/mes) e a previsión da suba no día que comece os efectos o contrato, que é susceptible de ser mellorado polos licitadores nas súas ofertas.

O orzamento anual máximo do contrato para o primeiro ano ascende a cantidade de 521.520,00 euros. Tendo en conta que se pode producir un incremento de 30 asegurados por ano, e tendo en conta que o contrato pode durar ata 10 anos, a cantidade ascende a 5.879.400,00 euros que inclúe os tributos que haxa que satisfacer.

O valor estimado do contrato, aos efectos previstos na LCSP, ascende a cantidade de 5.879.400,00 euros.

#### **ARTIGO 13.- PAGAMENTO DO PREZO DA ADXUDICACIÓN.**

O prezo do adxudicación aboarase ao contratista por períodos mensuais vencidos. A cantidade a pagar cada mes será a resultante de multiplicar o número de asegurados (titulares e beneficiarios, excluídos os asimilados, que se rexerán polo disposto ao final deste artigo) pola prima mensual.

O prezo mensual de adxudicación poderá ser obxecto de revisión nos termos fixados no artigo seguinte.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

O pagamento requirirá a previa presentación de factura, que deberá presentarse dentro dos dez días seguintes ao mes a que se refiran e deberá cumprir a totalidade dos requisitos fixados pola normativa vixente en cada momento.

A factura mensual correspondente ao pago como contraprestación aos servizos prestados polo contratista terá en conta o número de titulares e beneficiarios (non asimilados) existentes as 00,00 horas do 1 do mes do que se trate. O Concello de Pontevedra facilitará mensualmente ao contratista, no suposto de que se produzan, antes do día 20 de cada mes, relación de altas e baixas de titulares e beneficiarios (non asimilados) con indicación do colectivo total adscrito á aseguradora referida ás 00,00 horas do primeiro día do mes que teña que xurdir efectos.

As facturas presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Pontevedra. Esa data é a de comezo do prazo para proceder o pago. O pagamento realizarase dentro dos cincuenta días posteriores a presentación da factura no rexistro de entrada no Concello de Pontevedra. No suposto de que a factura presentada conteña defectos o devandito prazo de cincuenta días comezará a computar a partir da emenda de tales defectos. Así mesmo, se a factura se presenta antes do vencemento do mes, o prazo para pagar non comezará ata o primeiro día do mes seguinte.

#### **Pago das primas aos asimilados**

Para o pagamento da prima correspondente aos asimilados, xiraráselles un recibo polo importe da cota ou prima total, previa domiciliación bancaria á data de alta. En todo caso, o Concello non será responsable do pagamento da mesma, sendo unha cuestión exclusiva entre a aseguradora e os asimilados. No suposto de que non paguen poderán denegar a prestación do servizo a estes previa comunicación nos termos que fixa a normativa aseguradora, sen prexuízo das accións que exercite a compañía aseguradora

#### **ARTIGO 14.-REVISIÓN DE PREZOS**

A prima mensual por persoa que percibe o contratista, poderá incrementarse anualmente ata o 85% da variación experimentada polo IPC do conxunto nacional, segundo os datos que publique o organismo oficial correspondente. Aplicarase o IPC do ano anterior á data que se aplique.

Ata o 1 de xaneiro de 2013 non poderá proceder a revisión da prima mensual do contrato e poderá levarse a cabo por anos.

O período anual para medir o IPC, será a anualidade anterior a que poida revisarse a prima mensual.

Dito incremento ten que ser aprobado de modo expreso polo Concello e, en ningún caso, poderá ser superior ao 85% da variación experimentada polo IPC anual.

A revisión de prezos deberá ser solicitada de modo expreso polo contratista dentro dos dous meses seguintes ao vencemento de cada ano computados desde o 1 de xaneiro de cada ano acompañado co xustificante de incremento de prezos do Instituto Nacional de Estatística. De non facerse, enténdese que renuncia a esta revisión e non se terá en conta en revisións futuras.

Non se aplicará máis dunha revisión por prezo cada ano.

#### **ARTIGO 15.- CRÉDITO ORZAMENTARIO, DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES E FINANCIACIÓN DO CONTRATO**

O importe do contrato distribúese en 4 anualidades, de acordo coa seguinte distribución:

ANOS	IMPORTE DA ANUALIDADE CON TRIBUTOS INCLUIDOS
2012	439356 € sen asimilados e 521520 € con asimilados



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

ANOS	IMPORTE DA ANUALIDADE CON TRIBUTOS INCLUIDOS
2013	454116 € sen asimilados e 536280 € con asimilados
2014	468876 € sen asimilados e 551040 € con asimilados
2015	483636 € sen asimilados e 565800 € con asimilados

Non se fixa importe para o ano 2011 tendo en conta que se considera que o contrato comezará a xurdir efectos o 1 de xaneiro de 2012. O resto das anualidades fíxase tendo en conta que poden aumentarse se se solicita a revisión de prezos e se aproba esta e considerando que se prevé que cada ano haxa 30 novos asegurados. As seis últimas anualidades que se prevén no prego van depender de si existe ou non a prórroga e non se prevén no cadro anterior. En caso de aumentar o número de asegurados máis do que se prevé deberán de adoptarse as medidas de consignación orzamentaria para garantir a debida cobertura.

Para a presente anualidade non é necesario crédito, dado que o contrato comeza a producir efectos o 1 de xaneiro do seguinte ano.

En todo caso, por tratarse dun contrato de carácter plurianual e de conformidade co disposto no artigo 174 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais (Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo) e artigos 79 e ss. do Decreto 500/90, os gastos imputaranse a cada un dos exercicios orzamentarios en que se estenda a duración do contrato. En consecuencia o presente gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

O contrato financiarase cada ano con cargo a partida correspondente do orzamento do Concello de Pontevedra. Non obstante, debe terse en conta que en termos xerais o 50% do gasto debe soportalo á Administración municipal e o outro 50% o asegurado. En todo caso, o Concello non soportará máis do 50% do gasto. Así mesmo, no caso dos asimilados, lles corresponderá aboar e soportar o 100% da prima, que será satisfeita directamente a entidade aseguradora, con domiciliación bancaria de recibo.

#### **ARTIGO 16.- GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO**

O adxudicatario estará obrigado a sufragar, ademais dos gastos que se dispoñen neste prego, os seguintes:

- a) O pago dos tributos e prezos públicos locais, estatais, autonómicos, ou de calquera ente público, actuais e futuros, que recaian sobre o contrato.
- b) Os que se orixinen pola contratación do persoal necesario para a correcta execución do contrato.
- c) Os derivados da contratación.
- d) Asumir o pagamento dos gastos dos anuncios de licitación no BOP e no DOG e o de formalización do contrato no BOP. Deberá procederse o pago no prazo de 10 días desde que se lle notifique o importe. En caso de que non proceda ao pago procederase de igual maneira que se dispón no artigo 19. Estes gastos de anuncios non superarán os 2.000,00 euros.
- e) Calquera outro que derive da prestación do contrato ou que se estableza no prego.

#### **CAPÍTULO VI** **INCUMPRIMENTOS DO CONTRATISTA**

#### **ARTIGO 17.- INFRACCIÓNS DO ADXUDICATARIO**

As infraccións que cometa o adxudicatario, clasifícanse en leves, graves e moi graves, de acordo coa tipificación seguinte:





EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

**A. Infraccións leves.** Terán a cualificación de infraccións leves as seguintes:

- 1-Calquera descuberto no pago á Seguridade Social das cotas (empresarial e do traballador) correspondentes aos traballadores vinculados cunha relación laboral coa entidade aseguradora que desenvolva tarefas relacionadas coa execución deste contrato de seguro de asistencia sanitaria, cando este descuberto se estenda ata 5 días naturais.
- 2-O incumprimento das súas obrigas salariais respecto aos traballadores vinculados cunha relación laboral coa entidade aseguradora que desenvolva tarefas relacionadas coa execución deste contrato de seguro de asistencia sanitaria que supoñan a falta de abono de calquera nómina mensual, paga extraordinaria, ou gratificación por importes equivalentes a calquera das dúas anteriores, cando este incumprimento non se demore máis de 5 días naturais.
- 3-O retraso ata 5 días naturais no cumprimento das obrigas tributarias.
- 4-A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías non imputables ao contratista de maneira inmediata e o máis tardar en corenta e oito horas.
- 5-A falta de respecto aos asegurados ou os empregados municipais encargados da supervisión e control da execución do contrato.
- 6-Calquera outra acción ou omisión que infrinja as obrigas ou deberes recollidos no presente prego e non resulte tipificada como infracción grave ou moi grave.

**B. Infraccións graves.** Terán a consideración de infracción graves, as seguintes:

1. Calquera descuberto no pago á Seguridade Social das cotas (empresarial e do traballador) correspondentes aos traballadores vinculados cunha relación laboral coa entidade aseguradora que desenvolva tarefas relacionadas coa execución deste contrato de seguro de asistencia sanitaria, cando este descuberto se extenda máis de 5 días e ata 10 días naturais.
2. O retraso superior a 5 días e ata 10 naturais no cumprimento das obrigas tributarias.
3. O incumprimento das súas obrigas salariais respecto aos traballadores vinculados cunha relación laboral coa entidade aseguradora que desenvolva tarefas relacionadas coa execución deste contrato de seguro de asistencia sanitaria que supoñan a falta de abono de calquera nómina mensual, paga extraordinaria, ou gratificación por importes equivalentes a calquera das dúas anteriores, cando este incumprimento se demore máis de 5 días e ata 10 días naturais.
4. O incumprimento que non mereza, segundo a lexislación aplicable, a consideración de grave das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais.
5. A non comunicación de maneira inmediata e o máis tardar en cuarenta e oito horas, de calquera incidencia ou anomalía que sexa imputable o contratista.
6. Pofier dificultades ás tarefas de control da administración, como dificultar ou impedir as actuacións inspectoras da Administración.
7. A demora na achega de informes ou documentos en xeral, que sexan solicitados polo Concello no prazo establecido por este.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

8. As accións ou omisións que interfiran ou alteren ocasionalmente a execución do contrato.
9. A non prestación do contrato de seguro de asistencia sanitaria ata 4 días consecutivos, ou ata 14 días alternos no curso dun ano.
10. Non facilitar ao Concello a relación do cadro de facultativos, de servizos e de centros médicos no mes de xaneiro de cada ano ou cando llo requira este.

C. **Infraccións moi graves.** Terán a consideración de infracción moi graves as seguintes:

1. Calquera descuberto no pago á Seguridade Social das cotas (empresarial e do traballador) correspondentes aos traballadores vinculados cunha relación laboral coa entidade aseguradora que desenvolva tarefas relacionadas coa execución deste contrato de seguro de asistencia sanitaria, cando este descuberto se estenda máis de 10 días naturais.
2. O retraso superior a 10 días naturais no cumprimento das obrigas tributarias.
3. O incumprimento das súas obrigas salariais respecto aos traballadores vinculados cunha relación laboral coa entidade aseguradora que desenvolva tarefas relacionadas coa execución deste contrato de seguro de asistencia sanitaria que supoñan a falta de abono de calquera nómina mensual, paga extraordinaria, ou gratificación por importes equivalentes a calquera das dúas anteriores, cando este incumprimento se demore máis de 10 días naturais.
4. O **grave** incumprimento das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais.
5. O falseamento dos datos entregados ao Concello.
6. O incumprimento nas instalacións onde se presten os servizos de asistencia sanitaria da normativa sanitaria con transcendencia para a saúde dos asegurados.
7. Calquera conduta constitutiva de delito, especialmente as coaccións, roubos e furtos aos asegurados.
8. Ceder o contrato sen autorización previa expresa do Concello.
9. A non facilitación dunha aplicación informática ao Concello de Pontevedra que permita xestionar as altas e baixas e modificacións dos asegurados (titulares, beneficiarios e asegurados) en cada momento.
10. A non reposición da garantía definitiva cando se fagan efectivas as penalidades no prazo de quince días naturais.
11. A notoria falla de rendemento, a prestación incorrecta e defectuosa dos servizos de asistencia sanitaria tanto na calidade como na cantidade.
12. O incumprimento reiterado das instrucións do Concello.
13. Impedir indebidamente o desfrute dos asegurados da asistencia sanitaria cando implique risco grave para a saúde do asegurado.
14. Non gardar sigilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato así como dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

- 15.No achegar os medios materiais e persoais que esta obrigado de conformidade con este prego.
- 16.Impedir que o asegurado poida elixir libremente os médicos ou centros hospitalarios de entre os propios ou concertados da entidade aseguradora.
- 17.Impedir que algún asegurado que determine o Concello que ten tal condición poida acceder ao desfrute deste contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria.
18. A non prestación do contrato de seguro de asistencia sanitaria durante 5 ou máis días consecutivos, ou máis de 15 días alternos no curso dun ano.
- 19.A comisión da 3ª infracción grave, cualificada como tal en vía administrativa, nun prazo non superior a 1 ano será cualificada como infracción moi grave, a efectos de penalización e posibilidade de resolución.

#### **ARTIGO 18.- PENALIDADES**

- 1.-As infraccións levarán aparellada a imposición por parte do Concello de penalidades de multa, que se imporán en calquera caso.
  - 2.- A multa a impoñer ten tres grados, que se corresponden respectivamente con infraccións leves, graves e moi graves, que establecen os límites seguintes:
    - a)As infraccións leves sancionaranse con multa entre 400 euros ata 1000,00 euros.
    - b)As infraccións graves sancionaranse con multa entre 1000,01 euros ata 2.000,00 euros.
    - c)As infraccións moi graves sancionaranse con multa entre 2.001,00 euros a 3000,00 euros.
- Para a súa gradación atenderase ao dano ou prexuízo producido aos beneficiarios e ao Concello, a intencionalidade, reiteración, e contía económica, principalmente.
- 3.- Os importes das multas serán obxecto de revisión anual conforme ó incremento do IPC ou índice que o substitúa, cuxo cálculo se efectuará puntualmente, no suposto de necesitar aplicar as citadas multas.
  - 4.- Con independencia das sancións que se lle impoñan ao contratista, o Concello pode esixir sempre o cumprimento das obrigas do contratista.
  - 5.- A comisión de infraccións moi graves pode dar lugar, ademais de ao pagamento da oportuna sanción, á resolución do contrato por causa imputable ao contratista.

#### **ARTIGO 19.- IMPOSICIÓN DAS PENALIDADES**

A imposición das multas so require audiencia ao contratista durante 10 días hábiles.

A competencia para impoñer as multas será do Sr. Alcalde ou concelleiro responsable da área persoal

O importe da multa satisfacerase ao Concello por parte do contratista no termo de 30 días naturais seguintes ao da súa notificación.

De non satisfacerse no prazo establecido, as multas faranse efectivas de acordo coa prelación seguinte:

- 1.- Mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista por este contrato ou calquera outro concepto.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

2.- En canto o abonamento do importe das penalidades non quede cuberto na súa totalidade polas deducións do punto anterior, faranse efectivas mediante a incautación da garantía definitiva en importe necesario para cubrir as multas impostas. Para tal efecto o contratista deberá de completar a garantía incautada.

Se para facer efectiva as multas se incautase a garantía definitiva deberá repoñerse a contía nun prazo de 15 días naturais desde que se notifique dita incautación.

## **CAPÍTULO VII** **EXTINCIÓN DO CONTRATO**

### **ARTIGO 20.- EXTINCIÓN DO CONTRATO**

O contrato extingúese polo vencemento do prazo de duración deste ou por resolución que será acordada polo órgano de contratación cando concorra algunha das circunstancias que se enumeran no artigo 22 deste prego.

### **ARTIGO 21.- EXTINCIÓN POR VENCEMENTO DO PRAZO**

A extinción do contrato por terminación ou vencemento da duración deste (xa sexa do prazo principal ou das prórrogas, se se fai uso da posibilidade destas) supón a extinción automática do contrato sen necesidade de que se proceda a realizar ningún acto ou declaración por parte da Administración municipal, sen prexuízo de que se poida acordar a prórroga forzosa prevista no artigo 3.

### **ARTIGO 22.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Son causas de resolución as seguintes:

- a.As establecidas no artigo 206 da LCSP.
- b.As infraccións moi graves previstas no artigo 17.c) destes pregos.
- c.Incorrer o contratista en prohibición de contratar sobrevida.
- d.Calquera outra que se prevea expresamente pola normativa vixente en cada momento, especialmente a na lexislación de seguros ou neste prego.

### **ARTIGO 23.- APLICACIÓN DAS CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

A aplicación da causas de resolución axustarase as seguintes regras:

- a)A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, atendendo o procedemento regulado no artigo 26.
- b)A resolución do contrato só poderá instarse por aquela parte á que non se lle sexa imputable a circunstancia que dese lugar á resolución.
- c)A resolución do contrato por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorran outras causas de resolución que sexan imputables ao contratista.
- d)O incumprimento das obrigas do Concello só dará lugar a resolución do contrato naqueles casos previstos expresamente neste prego.

### **ARTIGO 24.- EFECTOS DA EXTINCIÓN DO CONTRATO**

Os efectos da extinción do contrato axustarase ao seguinte:



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

- a) A extinción do contrato por vencemento do prazo de duración non dará lugar a indemnización de danos e perdas.
- b) Cando a extinción se produza por mutuo acordo das partes, os dereitos das partes acomodaranse ao validamente estipulado por estas.
- c) Cando o contrato se resolva por causa imputable ao contratista, éste deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados.
- d) Cando o contrato se extinga por causa imputable á Administración, esta determinará con carácter xeral o pago dos danos e prexuízos que por tal causa se irroguen ao concesionario.

#### **ARTIGO 25.- A RESOLUCIÓN DO CONTRATO POR INFRACCIÓNS DO CONTRATISTA**

A resolución do contrato por infraccións previstas no artigo 17.c) deste prego axustarase as seguintes regras:

- a) A extinción do contrato por infraccións é independente das multas que se impoñan.
- b) En caso de extinción do contrato por imposición de multas, o Concello pode optar pola resolución do contrato ou pola continuidade.
- c) As causas de resolución previstas como infraccións moi graves que ao mesmo tempo estean mencionadas expresamente como causas de resolución rexeranse en primeiro lugar polo disposto neste capítulo.

#### **ARTIGO 26.- PROCEDEMENTO PARA A EXTINCIÓN DO CONTRATO**

- a) A extinción do contrato por vencemento do prazo non requirirá ningún acordo ou declaración da Administración.
- b) A extinción do contrato por resolución require unicamente o cumprimento dos seguintes requisitos:
  - 1- Audiencia ao concesionario polo prazo de dez días naturais, senón instou este a resolución.
  - 2- Acordo expreso do órgano de contratación.

#### **ARTIGO 27.- APLICACIÓN SUPLETORIA**

Na extinción do contrato, en defecto da regulación prevista neste capítulo, aplicarase con carácter supletorio e por analogía, o disposto na lexislación de contratos e normativa de desenvolvemento para a resolución de contratos de servizos, salvo no que resulte incompatible, así como a lexislación de seguros.

### **CAPÍTULO VIII** **MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

#### **ARTIGO 27- MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

O contrato poderá modificarse conforme ao procedemento e cando concorran os requisitos e condicións que se esixen no título V do libro I da LCSP, debendo, en todo caso estar conformes ambas partes contratantes.



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

## **CAPÍTULO IX** **CAPACIDADE PARA SER CONTRATISTA**

### **ARTIGO 28.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

Poderán concorrer á licitación por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar cumpran as condicións de aptitude do artigo 43 da LCSP e non se atopen incursas nas prohibicións do artigo 49 da mesma lei, e acrediten a solvencia económica e financeira, técnica ou profesional que se esixe no artigo 32 deste prego, sen prexuízo do que se dispón para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea.

De tratarse de persoas xurídicas o obxecto social da entidade deberá comprender o desenvolvemento de todas as actividades que constitúen o obxecto do contrato ao que concorren.

## **CAPÍTULO X** **ADXUDICACIÓN**

### **ARTIGO 29.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto e con pluralidade de criterios de conformidade co artigo 122.2 da LCSP. Así mesmo, este contrato está suxeito a regulación harmonizada segundo o artigo 13 e 16 da LCSP en relación coa categoría 6 do anexo II desta lei.

### **ARTIGO 30.- PERFIL DO CONTRATANTE**

O perfil do contratante do Concello de Pontevedra está na páxina [www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu).

### **ARTIGO 31.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN**

1. Estes pregos serán publicados no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.
2. Para a obtención da información adicional que puidera solicitarse, estarase ao sinalado no art. 142 da LCSP. En todo caso debe de terse en conta:
  - Que só será obrigatoria a remisión daqueles documentos que non se atopen publicados no perfil do contratante municipal.
  - Que só será obrigatoria a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou conveniente, para a formulación das ofertas.
  - A petición da documentación complementaria e información adicional, sempre e cando sexa pertinente, e en todo os casos cando non estea publicada no perfil, deberá de presentarse cunha antelación mínima de 3 días naturais á finalización do prazo para presentar ofertas. Enviarase nos 2 días naturais seguintes á solicitude.
  - Outro tipo de información adicional deberá de solicitarse con 5 días naturais de antelación ao prazo de finalización da presentación de ofertas, para dar cumprimento ao prazo mínimo de remisión precisado polo art. 142.2 LCSP, que dada a tramitación de urxencia, se entende diminuído a 3 días.
3. A obtención de copias implicará o aboamento da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal. A remisión da documentación por correo efectuarase baixo a modalidade de portes debidos.
4. A consulta poderá efectuarse no Servizo de Secretaría ou de Persoal do Concello de Pontevedra (praza de España, s/n, 36071 Pontevedra, teléfono 986 804300, fax 986 862590).



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

## **ARTIGO 32.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN**

Dada a procedencia de publicidade comunitaria en atención a contía do contrato (artigo 12 e 16 da LCSP en relación a categoría 6 do anexo II desta lei), o prazo para presentar as proposicións será o maior que resulte dos seguintes:

**-26 días hábiles** contados a partir do seguinte á publicación do correspondente anuncio no último dos boletíns no que deba selo (BOP, DOG e BOE), ou no perfil do contratante municipal ([www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu)).

- **40 días naturais** a contar desde a data do envío do anuncio á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas. Fíxase este prazo, na medida que o acceso os pregos e a documentación complementaria farase por medios electrónicos e os anuncios prepáranse e envíanse por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, desde as 8,30 ás 13,30 horas, e se é sábado de 9,00 horas a 13,00 horas durante o prazo sinalado anteriormente. No caso de que o prazo de presentación de proposicións teña lugar entre o día 16 de xuño e o 15 de setembro o horario do Rexistro Xeral do Concello será de 9,00 horas a 13,00 horas, incluídos os sábados. Se o último día do prazo é inhábil prorrogarase ata o primeiro día hábil.

Se dentro do prazo anteriormente sinalado se produciran reclamacións contra o prego, estas non suspenderan o prazo para a presentación de proposicións á licitación e serán resoltas polo órgano de contratación. Malia iso, para o suposto de estimación destas, procederá, no seu caso, a modificación dos pregos e a apertura dun novo prazo.

As proposicións poderán presentarse por correo, en dito caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación, por FAX, TELEX ou TELEGRAMA, a remisión das proposicións. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso de que se recibira fóra do prazo fixado neste prego. Malia isto, transcorridos 10 días naturais desde o remate do prazo de presentación, ningunha proposición enviada por correo será admitida.

Tales prazos poderán ser prorrogados de concorrer as circunstancias previstas no art. 78.3 do RD 1098/2002.

Unha vez remitida a proposición ou entregada, non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

As proposicións para tomar parte na contratación presentaranse en tres sobres pechados, identificados no seu exterior con indicación expresa da licitación á que concorren, debidamente asinados polo licitador ou seu representante, con indicación do nome, apelidos e razón social, nº de teléfono e fax, así como correo electrónico, no seu caso.

**A documentación deberá estar debidamente numerada e farase constar en folla independente o contido do sobre con indicación dos folios aos que corresponde.**

O **SOBRE A**, denominado 'documentos', expresará a inscrición de: **DOCUMENTOS XERAIS PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA COMPLEMENTARIA PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS** e conterá na orde que aquí se sinala a seguinte documentación:

**A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario.**



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Engadírase, así mesmo, copia das escrituras ou documentos de modificación dos anteriores. Así mesmo unirase fotocopia do DNI do representante.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

No caso de empresas ou empresarios de estados membros da Comunidade Europea, ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase de conformidade co previsto nos artigos. 47 e 61.2 da LCSP e 9 do RD 1098/2001. En consecuencia, deberán de acreditar a inscrición nos rexistros ou a presentación das certificacións que se especifican no Anexo I do RD 1098/2001.

A-4) Empresas non comunitarias.

As demais empresas ou empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar de acordo co precisado polos artigos. 61.3 da LCSP e 10 do RD 1098/2001. Estas empresas deberán engadir, así mesmo, o Informe de reciprocidade que refire o art. 44.1 da LCSP.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponderá ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

## **B) Poderes:.**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

## **C) Bastanteo de poderes.**

Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula, deberaos bastantear previamente pola Asesoría Xurídica do Concello de Pontevedra ou funcionario habilitado.

Admitiranse os bastanteos de poderes efectuados por avogado do Estado ou asesorías doutras Administracións públicas, ou avogado en exercicio, debendo neste último caso xustificar a súa colexiación.

A achega da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en cuestión.





EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastanteo do mesmo nos termos expostos, suporá, aos efectos do Art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non terlle sido revogado con fecha posterior.

#### **D) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades.**

Declaración responsable de que a empresa interesada non incorre en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP, axustado ao seguinte modelo:

“D./D<sup>a</sup>.....con DNI.....e domicilio na provincia de.....rúa nº ..... en nome propio ou en representación da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de seguro: - Título:.....

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección incorren en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 da LCSP. Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Lugar, data e sinatura do propoñente).”

No caso de UTEs esta declaración efectuarase, respecto de cada empresa, por cada un dos representantes da mesma, debidamente apoderado.

#### **E) Solvencia económico e financeira.**

Poderá acreditarse por un dos seguintes medios:

1-Informe de institucións financeiras.

Criterio de selección: Entenderase cumprida a solvencia cando do informe da institución financeira se poida deducir que o licitador mostra unha situación económica solvente para a execución do contrato. Deberá mencionarse expresamente nese informe este contrato.

2- Tratándose de persoas xurídicas, ademais do medio anterior poderán acreditala mediante a presentación das contas anuais ou extracto das mesmas, nos casos establecidos no artigo 64.b) da LCSP.

Criterio de selección: Entenderase cumprida a solvencia cando os fondos propios desembolsados da empresa representen a lo menos un 20% do prezo anual do contrato.

#### **F) Solvencia técnica e profesional:**

1- Unha relación dos principais contratos de seguros de asistencia sanitaria concertados ou que estean en vigor nos últimos 3 anos que inclúan importes, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos. Deberá achegarse un informe conforme o contrato se prestou sen incidencias dignas de mención.

Criterio de selección: Como mínimo deberá ter contratado ou en vigor nos últimos 3 anos durante polo menos 1 ano, 1 contrato de seguro de asistencia sanitaria cunha entidade pública ou privada que teña como colectivos incluídos nel a máis de 800 beneficiarios ou asegurados nos que quede acreditado que o contrato se prestou sen incidencias dignas de mención pola entidade que actuou como tomadora de seguros.

Documentación acreditativa do cumprimento da solvencia técnica ou profesional.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

Os licitadores deberán achegar para acreditar esta solvencia os seguintes documentos (orixinal ou fotocopia compulsada):

- Un documento subscrito polo representante do licitador no que relacione os principais contratos de seguros de asistencia sanitaria que teña concertados ou que estean en vigor nos últimos 3 anos que inclúan importes, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos.
- Copia de 1 contrato ou póliza de seguro de asistencia sanitaria que teña subscrito a entidade aseguradora ou que estea en vigor dos últimos 3 anos durante polo menos 1 ano, cunha entidade pública ou privada. Neste contrato ten que ter como colectivos incluídos en el a máis de 800 beneficiarios ou asegurados.
- Informe da entidade tomadora do seguro que subscribiu o contrato sinalado no punto anterior acreditativo de que o contrato se prestou sen incidencias dignas de mención, que hai máis ou houbo máis de 800 beneficiarios ou asegurados e dos períodos de duración do contrato. Debe ser orixinal ou fotocopia compulsada.

#### **F) Unións temporais de empresas.**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP .

Engadirase a xustificación da personalidade xurídica de cada empresa, segundo o sinalado no epígrafe a). A totalidade das declaracións e proposicións ou ofertas deberán de ser firmadas por todos os representantes, especificando que o fan en canto parte dunha UTE, debidamente apoderados mediante escritura bastantada. Non obstante, salvo a declaración responsable de non incorrer en prohibición para contratar, as proposicións e demais documentos a nome da UTE poderán ser subscritos polo apoderado único referido no art. 48.2. da LCSP, de xa nomearse, en cuxo caso achegárase o poder bastantado deste.

#### **G) Declaración de empresas vinculadas.**

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 129 da LCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

#### **H) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.**

Asinarase polo licitador ou polo seu representante e axustarase ao seguinte modelo:

“D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, e D.N.I. N° \_\_\_\_\_, actuando en nome propio ou da empresa \_\_\_\_\_, á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria :

-Autoriza ao Concello de Pontevedra a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma e da Seguridade Social a efectos do procedemento de contratación anteriormente indicado, e no curso da vixencia do propio contrato, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e a Lei do Imposto de Sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o Concello o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)”



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

## **I) DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR EN CASO DE EMPATE ENTRE AS PROPOSICIÓNS E OFERTAS DAS EMPRESAS LICITADORAS**

No caso de empate entre dúas ou máis ofertas, atenderase o disposto no artigo 35 destes pregos.

A estes efectos as empresas achegarán a documentación que xustifique o número de traballadores con discapacidade sempre que sexa igual ou superior ao 2% do cadro de persoal e o número destes que sexan fixos en relación o seu cadro de persoal.

As empresas adicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, reguladas na disposición adicional novena da Lei 12/2001, ademais de acreditar este extremo achegaran o compromiso formal a que se refire o apartado segundo da disposición adicional sexta da LCSP.

### **DISPENSA DE PRESENTAR DETERMINADA DOCUMENTACIÓN (Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas)**

Aquelas empresas que se atopen rexistradas no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, que acompañen a correspondente certificación, estarán dispensadas de acreditar os datos referidos polo artigo 72.1 da LCSP, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios á fin de verificar o comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos, ou clarificar calquera extremo. De referirse, o correspondente certificado, a outros datos inscritos e esixidos polos presentes pregos, a dispensa alcanzará aos mesmos.

O certificado do Rexistro oficial de licitadores en cuestión deberá ir acompañado en todo caso dunha **declaración responsable** na que o licitador manifeste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación.

### **LINGUA DA DOCUMENTACIÓN.**

Toda a documentación presentarse en galego ou castelán. Os concursantes estranxeiros presentarán a súa documentación traducida de forma oficial á algunha das anteriores linguas.

### **COMPROMISO POLA PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de dous meses a contar desde a apertura das proposicións.

**SOBRE B**, denominado “proposición ou oferta: criterios avaliados automaticamente”, deberá conter a seguinte inscrición:

### **PROPOSICIÓN DE CRITERIOS AVALIADOS AUTOMÁTICAMENTE PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE O PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA COMPLEMENTARIA PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS**

Este sobre conterá a proposición ou oferta relativa aos criterios avaliados automaticamente que se axustará ao seguinte modelo:



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

D....., maior de idade, veciño de..., con domicilio en...con DNI....., expedido en....., con data....., en nome propio (ou en representación de....) conforme acreditado con poder compulsado, informado do procedemento aberto para a adxudicación do contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria para o persoal do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos segundo o anuncio publicado no ..... (BOP, DOG e no perfil do contratante) do día....., manifesto que, reunindo todos os requisitos e condicións para ser adxudicatario deste contrato, o compromiso de executalo con estrita suxeición aos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que acepto integramente, ofertando de acordo cos criterios avaliados automaticamente o seguinte:

### 1- MENOR PRIMA MENSUAL POR ASEGURADO

EUROS SEN TRIBUTOS POR MES E ASEGURADO	EUROS DE TRIBUTOS POR MES E ASEGURADO	TOTAL DE PRIMA EXPRESADO EN EUROS POR MES E ASEGURADO (INCLUIDO TRIBUTOS)
(En núm. e letra)	(En núm. e letra)	(En núm. e letra)

Así mesmo fago constar que:

- Inclúo nas mesmas condicións a prestación de asistencia sanitaria e hospitalaria ao persoal asimilado, cos cales se subscribirá póliza e recibo independente.

Data, lugar e sinatura do proponente.

Sobre C, denominado", "proposición ou oferta: criterios avaliados mediante xuízos de valor", deberá conter a seguinte inscrición: **PROPOSICIÓN DE CRITERIOS AVALIADOS MEDIANTE XUIZOS DE VALOR PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA COMPLEMENTARIA PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS"**

Este sobre conterá a proposición ou oferta relativa aos criterios avaliados mediante xuízos de valor que se axustará ao seguinte modelo:

*"D....., maior de idade, veciño de..., con domicilio en...con DNI....., expedido en....., con data....., en nome propio (ou en representación de....) conforme acreditado con poder compulsado, informado do procedemento aberto para a adxudicación do contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria para o persoal do Concello de Pontevedra e dos seus organismos autónomos segundo o anuncio publicado no ..... (BOP, DOG e no perfil do contratante) do día....., manifesto que, reunindo todos os requisitos e condicións para ser adxudicatario deste contrato, o compromiso de executalo con estrita suxeición aos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que acepto integramente, ofertando de acordo cos criterios avaliados mediante xuízos de valor, as seguintes melloras segundo se fai constar na documentación que se anexa, e se relaciona:*

- PROPOSTA DE CADRO MÉDICO.**
- PROPOSTA DE MELLORAS SOBRE AS COBERTURAS MÍNIMAS.**
- PROPOSTA DE RISCOS EXCLUIDOS.**
- PROPOSTA DE MEDIOS TÉCNICOS DE DIAGNÓSTICO CON QUE CONTEN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO.**
- PROPOSTA DE ASISTENCIA EN VIAXE E BUCO-DENTAL**



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

(Neste sobre achegarase necesariamente unha memoria explicativa das prestacións contidas na oferta, distinguindo entre:

- Prestacións mínimas, conforme a estes pregos.
- Outras prestacións sanitarias complementarias, non dinerarias.
- Relación que se esixe nos criterios de adxudicación en relación á proposta de cadro médico.
- Prestacións ortoprotésicas.
- E demais aspectos das propostas que se valoran conforme aos xuízos de valor.

Isto enténdese sen prexuízo de aquela outra documentación que, a maiores, poida achegarse para mellor explicación do ofertado. Ditas explicacións deben ser claras e as necesarias para a súa correcta interpretación.)

*Así mesmo fago constar, o compromiso de manter durante a vixencia do contrato, coa mesma intensidade, número e grao de preparación, o cadro médico de atención primaria, especialistas e centros sanitarios hospitalarios, propios ou concertados, en toda España, que poderán ser elixidos libremente polo asegurado, comprometéndose o reembolso do importe íntegro do gasto no prazo de dous meses no suposto de algunha baixa no cadro proposto e aceptado e non cuberto por substituto similar. Data, lugar e sinatura do propoñente"*

**Neste sobre queda vedado que se poida incluír documentación que revele a prima mensual por asegurado (que se teñen que incluír obrigatoriamente e unicamente no sobre B). A oferta que inclúa no sobre C o prezo de prima mensual que oferta será automaticamente rexeitada.**

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución deste, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (por exemplo exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas ou antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da mesa de contratación, c) a adxudicación, etc.) facultaría ao Concello de Pontevedra para que procedese á esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante, podendo proceder a deducir estas cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse polo Concello ao contratista por calquera concepto, e no seu caso acudir a vía xudicial para a súa esixencia.

### **ARTIGO 33.- DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS**

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo funcionario con funcións de fe pública ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas co seu orixinal.

### **ARTIGO 34.- GARANTÍA PROVISIONAL**

En consonancia co disposto no artigo 91 da LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

### **ARTIGO 35.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

En relación as ofertas dos licitadores a Administración ten a plena facultade para esixir os licitadores que acrediten calquera extremo da súa oferta a cuxos efectos deberán de achegar os extremos requiridos nun prazo máximo de 3 días hábiles desde que se lle faga ese requirimento. En caso de non atendelo ou non atendelo correctamente no prazo indicado ou se do mesmo se desprende que algún dato dos ofertados non é correcto ou exacto entón determinará a exclusión da entidade ofertante deste procedemento de licitación.

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación do presente contrato serán os seguintes:

#### **A) CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE.**



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

**1.- MENOR PRIMA MENSUAL POR ASEGURADO: de 0 a 8 puntos.**

A súa valoración efectuarase outorgando 8 puntos á oferta que propoña a prima mensual por asegurado máis baixa. As demais puntuacións obteranse mediante proporcionalidade inversa, é dicir, puntos da empresa  $t = \text{oferta máis económica} \times 8 / \text{oferta } t$ .

**B) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR.**

**1.- PROPOSTA DE CADRO MÉDICO: de 0 a 38 puntos.**

Valorarase de conformidade co seguinte desglose:

**a) Cadro médico no municipio de Pontevedra: de 0 a 20 puntos.**

a).1- Maior número de servizos de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que a entidade aseguradora dispoña no municipio de Pontevedra para cumprir este contrato: de 0 a 6 puntos.

Valorarase o maior número de servizos de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos a cidadanía no ámbito territorial do municipio de Pontevedra. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguintes aspectos:

- Os hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que a entidade licitadora oferte deberán ter no momento de presentar a súa oferta vinculo contractual coa entidade aseguradora, que lle permita atender a asegurados da compañía aseguradora. Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte de iguais ou superiores características e co mesmo número ou superior de servizos
- So se valoraran as ofertas de servizos que superen o mínimo fixado no prego. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren os extremos anteriores e relacionará os hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte e os servizos destes onde deberán figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Denominación do hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte.
  - . Detalle dos servizos que ofrece dos hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios.
  - . Enderezo e teléfono dos hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte.
  - . Horario e días en que se prestan os servizos que oferte.
- Os que oferten maior número servizos de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (6 puntos) e o resto valorarase de forma proporcional.

a).2- Maior cadro de médicos especialistas propios ou concertados que presten servizos no municipio de Pontevedra: de 0 a 5 puntos.

Valorarase o maior cadro de médicos especialistas que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos no ámbito territorial do municipio de Pontevedra. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguintes aspectos:

- Os médicos que propoña a entidade licitadora deberán ter no momento de presentar a súa oferta vinculo contractual coa entidade aseguradora (xa sexa laboral, contractual ou doutro tipo). Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de médicos que oferte de iguais ou superiores características.



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

- Os médicos que oferten deben estar prestando servizos de especialidades no ámbito territorial do municipio de Pontevedra no momento en que os licitadores presenten a súa oferta e ata polo menos durante o período que ten que manter o licitador a súa oferta para presentarse a esta licitación.
- Os médicos que oferte o licitador deberán de haber prestado servizos efectivos de especialidade no ámbito territorial do municipio de Pontevedra durante polo menos seis meses antes de que remate o prazo para presentar ofertas para participar neste procedemento.
- So se valoraran as ofertas que presenten propostas de médicos especialistas que sexan superiores os mínimos fixados nestes pregos. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren todos os extremos anteriores e relacionará o cadro de médicos que oferta onde deberá figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Nome e apelidos dos médicos.
  - . Número de colexiado dos médicos.
  - . Especialidade que exerce.
  - . Enderezo e teléfono onde presta real e efectivamente os servizos de medicina de familia.
  - . Horario e días de apertura da consulta dos médicos.
- Os que oferten un maior cadro médico tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (5 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.

a).3- Maior cadro de médicos de medicina de familia propios ou concertados que presten servizos no municipio de Pontevedra: de 0 a 4 puntos.

Valorarase o maior cadro de médicos de medicina de familia que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos no ámbito territorial do municipio de Pontevedra. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguinte aspectos:

- Os médicos que propoña a entidade licitadora deberán ter no momento de presentar a súa oferta vinculo contractual coa entidade aseguradora (xa sexa laboral, contractual ou doutro tipo). Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de médicos que oferte de iguais ou superiores características.
- Os médicos que oferten deben estar prestando servizos de medicina de familia no ámbito territorial do municipio de Pontevedra no momento en que os licitadores presenten a súa oferta e ata polo menos durante o período que ten que manter o licitador a súa oferta para presentarse a esta licitación.
- Os médicos que oferte o licitador deberán de haber prestado servizos efectivos de medicina de familia no ámbito territorial do municipio de Pontevedra durante polo menos seis meses antes de que remate o prazo para presentar ofertas para participar neste procedemento.
- So se valoraran as ofertas que presenten propostas de médicos de medicina de familia que sexan superiores os mínimos fixados nestes pregos. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren todos os extremos anteriores e relacionará o cadro de médicos que oferta onde deberá figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Nome e apelidos dos médicos.
  - . Número de colexiado dos médicos.
  - . Enderezo e teléfono onde presta real e efectivamente os servizos de medicina de familia.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

. Horario e días de apertura da consulta dos médicos.

- Os que oferten un maior cadro médico tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (4 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.

a).4- Maior número de servizos permanentes de pediatría que presten servizos no municipio de Pontevedra: de 0 a 3 puntos.

Valorarase o número de servizos permanentes de pediatría que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos no ámbito territorial do municipio de Pontevedra. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguinte aspectos:

- Os médicos que presten eses servizos de pediatría que propoña a entidade licitadora deberán ter no momento de presentar a súa oferta vinculo contractual coa entidade aseguradora (xa sexa laboral, contractual ou doutro tipo). Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de médicos que oferte de iguais ou superiores características.
- Os médicos que oferten que presten eses servizos deben estar prestando servizos de pediatría no ámbito territorial do municipio de Pontevedra no momento en que os licitadores presenten a súa oferta e ata polo menos durante o período que ten que manter o licitador a súa oferta para presentarse a esta licitación.
- Os médicos que oferte o licitador deberán de haber prestado servizos efectivos de pediatría no ámbito territorial do municipio de Pontevedra durante polo menos seis meses antes de que remate o prazo para presentar ofertas para participar neste procedemento.
- So se valoraran as ofertas que presenten propostas de servizos permanentes de pediatría que sexan superiores os mínimos fixados nestes pregos. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren todos os extremos anteriores e relacionará os servizos permanentes que oferta que oferta onde deberá figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Nome e apelidos dos médicos que prestan os servizos.
  - . Número de colexiado dos médicos.
  - . Enderezo e teléfono onde se prestan real e efectivamente eses servizos permanentes de pediatría.
- Os que oferten un maior número de servizos permanentes de pediatría tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (3 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.

a).5- Maior número de servizos permanentes de medicina xeral que presten servizos no municipio de Pontevedra: de 0 a 2 puntos.

Valorarase o número de servizos permanentes de medicina de familia que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos no ámbito territorial do municipio de Pontevedra. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguinte aspectos:

- Os médicos que presten eses servizos de medicina familia que propoña a entidade licitadora deberán ter no momento de presentar a súa oferta vinculo contractual coa entidade aseguradora (xa sexa laboral, contractual ou doutro tipo). Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de médicos que oferte de iguais ou superiores características.
- Os médicos que oferten que presten eses servizos deben estar prestando servizos de medicina de familia no ámbito territorial do municipio de Pontevedra no momento en que os





EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

licitadores presenten a súa oferta e ata polo menos durante o período que ten que manter o licitador a súa oferta para presentarse a esta licitación.

- Os médicos que oferte o licitador deberán de haber prestado servizos efectivos de medicina de familia no ámbito territorial do municipio de Pontevedra durante polo menos seis meses antes de que remate o prazo para presentar ofertas para participar neste procedemento.
- So se valoraran as ofertas que presenten propostas de servizos permanentes de medicina de familia que sexan superiores os mínimos fixados nestes pregos. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren todos os extremos anteriores e relacionará os servizos permanentes que oferta que oferta onde deberá figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Nome e apelidos dos médicos que prestan os servizos.
  - . Número de colexiado dos médicos.
  - . Enderezo e teléfono onde se prestan real e efectivamente eses servizos permanentes de medicina de familia.
- Os que oferten un maior número de servizos permanentes de medicina xeral tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (2 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.

#### **b) Cadro médico na provincia de Pontevedra: de 0 a 10 puntos.**

Neste punto quedan excluídos e non se puntuarán tódolos aspectos que se valoraran no punto anterior, é dicir non se valoraran os médicos que presten servizos no municipio de Pontevedra, nin os especialistas que presten servizos no municipio de Pontevedra, nin os servizos e hospitais que esten situados no termo municipal de Pontevedra, etc. Noutros termos, tódalas as ofertas teñen que referirse a provincia de Pontevedra excluíndo ao municipio de Pontevedra.

#### **a).1- Maior número de servizos e de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que a entidade aseguradora dispoña para cumprir este contrato na provincia de Pontevedra : de 0 a 4 puntos.**

Valorarase o maior número de servizos e de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos a cidadanía no ámbito territorial da provincia de Pontevedra. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguinte aspectos:

- Os hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que a entidade licitadora oferte deberán ter no momento de presentar a súa oferta vínculo contractual coa entidade aseguradora, que lle permita atender a asegurados da compañía aseguradora. Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte de iguais ou superiores características e co mesmo número ou superior de servizos.
- So se valoraran as ofertas de servizos e hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que superen o mínimo fixado no prego. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren os extremos anteriores e relacionará os hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte e os servizos destes onde deberán figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Denominación do hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte.
  - . Detalle dos servizos que ofrece dos hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios.
  - . Enderezo e teléfono dos hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte.
  - . Horario e días en que se prestan os servizos que oferte.
- Os que oferten maior número servizos de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (4 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

b).2- Maior cadro de médicos especialistas propios ou concertados que presten servizos na provincia de Pontevedra: de 0 a 4 puntos.

Valorarase o maior cadro de médicos especialistas que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos no ámbito territorial da provincia de Pontevedra. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguinte aspectos:

- Os médicos que propoña a entidade licitadora deberán ter no momento de presentar a súa oferta vinculo contractual coa entidade aseguradora (xa sexa laboral, contractual ou doutro tipo). Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de médicos que oferte de iguais ou superiores características.
- Os médicos que oferten deben estar prestando servizos de especialidades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra no momento en que os licitadores presenten a súa oferta e ata polo menos durante o período que ten que manter o licitador a súa oferta para presentarse a esta licitación.
- Os médicos que oferte o licitador deberán de haber prestado servizos efectivos de especialidade no ámbito territorial da provincia de Pontevedra durante polo menos seis meses antes de que remate o prazo para presentar ofertas para participar neste procedemento.
- So se valoraran as ofertas que presenten propostas de médicos especialistas que sexan superiores os mínimos fixados nestes pregos. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren todos os extremos anteriores e relacionará o cadro de médicos que oferta onde deberá figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Nome e apelidos dos médicos.
  - . Número de colexiado dos médicos.
  - . Especialidade que exerce.
  - . Enderezo e teléfono onde presta real e efectivamente os servizos de medicina de familia.
  - . Horario e días de apertura da consulta dos médicos.
- Os que oferten un maior cadro médico tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (4 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.

b).3- Maior cadro de médicos de medicina de familia propios ou concertados que presten servizos no municipio de Pontevedra: de 0 a 2puntos.

Valorarase o maior cadro de médicos de medicina de familia que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos no ámbito territorial da provincia de Pontevedra. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguinte aspectos:

- Os médicos que propoña a entidade licitadora deberán ter no momento de presentar a súa oferta vinculo contractual coa entidade aseguradora (xa sexa laboral, contractual ou doutro tipo). Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de médicos que oferte de iguais ou superiores características.
- Os médicos que oferten deben estar prestando servizos de medicina de familia no ámbito territorial da provincia de Pontevedra no momento en que os licitadores presenten a súa oferta e ata polo menos durante o período que ten que manter o licitador a súa oferta para presentarse a esta licitación.



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

- Os médicos que oferte o licitador deberán de haber prestado servizos efectivos de medicina de familia no ámbito territorial da provincia de Pontevedra durante polo menos seis meses antes de que remate o prazo para presentar ofertas para participar neste procedemento.
- So se valoraran as ofertas que presenten propostas de médicos de medicina de familia que sexan superiores os mínimos fixados nestes pregos. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren todos os extremos anteriores e relacionará o cadro de médicos que oferta onde deberá figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Nome e apelidos dos médicos.
  - . Número de colexiado dos médicos.
  - . Enderezo e teléfono onde presta real e efectivamente os servizos de medicina de familia.
  - . Horario e días de apertura da consulta dos médicos.
- Os que oferten un maior cadro médico tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (2 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.

**c) Cadro médico no territorio español: de 0 a 8 puntos.**

Neste punto quedan excluídos e non se puntuarán tódolos aspectos que se valoraran nos puntos anteriores, é dicir non se valoraran os médicos que presten servizos no municipio e na provincia de Pontevedra, nin os especialistas que presten servizos no municipio e na provincia de Pontevedra, nin os servizos e hospitais que esten situados no termo municipal e na provincia de Pontevedra, etc. Noutros termos, tódalas as ofertas teñen que referirse ao territorio español excluindo a provincia de Pontevedra

**a).1- Maior número de servizos e de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que a entidade aseguradora dispoña para cumprir este contrato no territorio español : de 0 a 3 puntos.**

Valorarase o maior número de servizos e de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos a cidadanía no ámbito territorial de España. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguinte aspectos:

- Os hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que a entidade licitadora oferte deberán ter no momento de presentar a súa oferta vínculo contractual coa entidade aseguradora, que lle permita atender a asegurados da compañía aseguradora. Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte de iguais ou superiores características e co mesmo número ou superior de servizos.
- So se valoraran as ofertas de servizos e hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que superen o mínimo fixado no prego. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren os extremos anteriores e relacionará os hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte e os servizos destes onde deberán figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Denominación do hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte.
  - . Detalle dos servizos que ofrece dos hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios.
  - . Enderezo e teléfono dos hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios que oferte.
  - . Horario e días en que se prestan os servizos que oferte.
- Os que oferten maior número servizos de hospitais, centros hospitalarios ou sanatorios tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (3 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

b).2- Maior cadro de médicos especialistas propios ou concertados que presten servizos no territorio español: de 0 a 3 puntos.

Valorarase o maior cadro de médicos especialistas que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos no ámbito territorial de España. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguinte aspectos:

- Os médicos que propoña a entidade licitadora deberán ter no momento de presentar a súa oferta vinculo contractual coa entidade aseguradora (xa sexa laboral, contractual ou doutro tipo). Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de médicos que oferte de iguais ou superiores características.
- Os médicos que oferten deben estar prestando servizos de especialidades no ámbito territorial de España no momento en que os licitadores presenten a súa oferta e ata polo menos durante o período que ten que manter o licitador a súa oferta para presentarse a esta licitación.
- Os médicos que oferte o licitador deberán de haber prestado servizos efectivos de especialidade no ámbito territorial español durante polo menos seis meses antes de que remate o prazo para presentar ofertas para participar neste procedemento.
- So se valoraran as ofertas que presenten propostas de médicos especialistas que sexan superiores os mínimos fixados nestes pregos. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren todos os extremos anteriores e relacionará o cadro de médicos que oferta onde deberá figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Nome e apelidos dos médicos.
  - . Número de colexiado dos médicos.
  - . Especialidade que exerce.
  - . Enderezo e teléfono onde presta real e efectivamente os servizos de medicina de familia.
  - . Horario e días de apertura da consulta dos médicos.
- Os que oferten un maior cadro médico tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (3 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.

b).3- Maior cadro de médicos de medicina de familia propios ou concertados que presten servizos no territorio español: de 0 a 2 puntos.

Valorarase o maior cadro de médicos de medicina de familia que os licitadores dispoñan e esten prestando servizos efectivos no ámbito territorial de España. Para a valoración deste apartado debe terse en conta os seguinte aspectos:

- Os médicos que propoña a entidade licitadora deberán ter no momento de presentar a súa oferta vinculo contractual coa entidade aseguradora (xa sexa laboral, contractual ou doutro tipo). Este vínculo deberá manterse polo menos durante o período que ten que manter a oferta o licitador para presentarse a este procedemento, sen prexuízo de que se é adxudicatario, sempre deberá dispor como mínimo do mesmo número de médicos que oferte de iguais ou superiores características.
- Os médicos que oferten deben estar prestando servizos de medicina de familia no ámbito territorial español no momento en que os licitadores presenten a súa oferta e ata polo menos durante o período que ten que manter o licitador a súa oferta para presentarse a esta licitación.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

- Os médicos que oferte o licitador deberán de haber prestado servizos efectivos de medicina de familia no ámbito territorial español durante polo menos seis meses antes de que remate o prazo para presentar ofertas para participar neste procedemento.
- So se valoraran as ofertas que presenten propostas de médicos de medicina de familia que sexan superiores os mínimos fixados nestes pregos. Os que oferten o mesmo número que os mínimos deste prego terán unha puntuación de 0 puntos e os que oferten menos serán excluídos deste procedemento de licitación.
- O licitador na súa oferta declarará que se cumpren todos os extremos anteriores e relacionará o cadro de médicos que oferta onde deberá figurar necesariamente como mínimo os seguintes datos:
  - . Nome e apelidos dos médicos.
  - . Número de colexiado dos médicos.
  - . Enderezo e teléfono onde presta real e efectivamente os servizos de medicina de familia.
  - . Horario e días de apertura da consulta dos médicos.
- Os que oferten un maior cadro médico tendo en conta os requisitos anteriores terán a maior puntuación (2 puntos) e o resto valoraranse de forma proporcional.

## **2.- PROPOSTA DE MELLORAS SOBRE AS COBERTURAS MÍNIMAS E OUTRAS PRESTACIÓNS RELACIONAS CO OBXECTO DO CONTRATO: de 0 a 33 puntos.**

Valoraranse as melloras ofertadas sobre as coberturas mínimas esixidas nos pregos e outras prestacións relacionadas co obxecto do contrato que non supoñan incremento dos prezos ofertados, sempre que sexan relevantes, non se valoren noutros apartados deste prego e supoñan unha mellora real e efectiva no servizo que oferten, entre os que se atopa a posibilidade de axudas económicas para aqueles supostos non recollidos nos pregos (próteses dentaria, etc), o mellor programa de xestión de altas/baixas e modificacións dos asegurados (beneficiarios, titulares e asimilados), etc . A oferta que presente as mellores melloras e prestacións outorgaráselle a máxima puntuación e as demais puntuaranse de modo proporcional as súas ofertas. Se a modificación non é relevante para o obxecto do contrato darase unha puntuación de 0 puntos.

## **3.- PROPOSTA DE RISCOS EXCLUIDOS: de 0 a 20 puntos.**

Valoraranse o cadro de riscos excluídos. A oferta cun menor número de riscos excluídos outorgaráselle a máxima puntuación e as demais puntuaranse de modo proporcional as súas ofertas.

## **4.- PROPOSTA DE MEDIOS TÉCNICOS DE DIAGNÓSTICO CON QUE CONTEN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO: de 0 a 7 puntos.**

Valoraranse os medios técnicos de diagnóstico de que dispoñan para a prestación da asistencia sanitaria. Aos que oferten os mellores medios outorgaráselle a maior puntuación e os demais puntuaranse de modo proporcional.

## **5.- PROPOSTA DE ASISTENCIA EN VIAXE E BUCO-DENTAL: de 0 a 4 puntos.**

Valoraranse as mellores prestacións sanitarias ofertadas de asistencia en viaxe e asistencia buco-dental. A oferta que conteña as mellores prestacións de asistencia en viaxe e asistencia buco-dental outorgaráselle a máxima puntuación e as demais de modo proporcional as súas ofertas.

Estas prestacións deberán vir claramente especificadas (prestación, alcance, profesionais que a desenvolverán, prazos máximos de espera e exclusións). Debe terse en conta que as prestacións sanitarias complementarias deben selo para a totalidade das persoas incluídas neste contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria, incluídos os asimilados, e non suporán un incremento da prima ofertada.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

As ofertas que se presenten conforme a estes criterios subxectivos só se considerarán se teñen un valor engadido sobre este contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria e repercuten nunha mellor prestación do servizo de asistencia sanitaria sobre os asegurados.

#### **Criterios para resolver empates:**

No caso de empate entre dúas ou máis ofertas, terá preferencia, en primeiro lugar, aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores minúsculos (superior ao 2%) e así o acredite no momento de xustificar a súa solvencia.

De persistir o empate, a preferencia resolverase segundo o apartado 2º da D. Ad. 6ª.1 da LCSP , en terceiro lugar segundo a devandita D.Ad. no seu punto 2 (empresas dedicadas á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social) e, finalmente, por sorteo.

#### **ARTIGO 36.-OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS**

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta dos criterios subxectivos será analizado á vista do informe do comité de expertos e dos informes que, sobre este extremo, poidan emitir os técnicos municipais.

Para determinar o carácter desproporcionado ou anormal da oferta atenderase á viabilidade económica de prestar o contrato de seguro de asistencia sanitaria complementaria de acordo coa oferta que se formula, acudindo para isto aos cálculos de custes de persoal, materiais e outros tradicionais no mercado. Declararase que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, á vista das explicacións do licitador e do informe técnico, cando o custe das melloras sinaladas na oferta ou a prima que oferta supoña a imposibilidade de obter beneficio de ningún tipo coa execución do contrato.

En todo caso, solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta no prazo de tres días hábiles, xustificación que haberá de referirse nos termos sinalados polo artigo 136.3 da LCSP e sobre a que, necesariamente, se pronunciarán os informes técnicos.

A mesa de contratación, de acordo co artigo 22.1 f) do RD817/2009, tramitará o procedemento sinalado e efectuará proposta de declaración como anormal ou desproporcionada, correspondendo a súa declaración como tal, e a súa exclusión da licitación, ao órgano de contratación, de conformidade co artigo 136 da LCSP.

As ofertas así declaradas serán excluídas da licitación, procedendo a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orden en que fosen clasificadas.

#### **ARTIGO 37.- MESA DE CONTRATACIÓN**

A mesa de contratación estará formada por:

PRESIDENTE: Que poderá ser un membro da Corporación ou un funcionario da mesma.

VOGAIS:

\* Un concelleiro en representación de cada grupo municipal do Concello de Pontevedra, a excepción de aquel xa representado pola Presidencia.

\* O titular da Asesoría Xurídica da Corporación, quen poderá delegar a súa asistencia, con este carácter, na Secretaría Xeral do Pleno.

\*A interventora, quen poderá delegar nun funcionario técnico de administración xeral adscrito ao seu servizo.

\* Un representante de cada organización sindical.

\* Un funcionario do Servizo de Persoal do Concello.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

SECRETARIO, con voz mais sen voto, que será o secretario de administración municipal, ou funcionario en quen delegue.

A Mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, cando menos, do seu Presidente, Secretario e da metade dos seus membros, entre os que deberán de atoparse, necesariamente, os vogais en funcións de Asesoría Xurídica e Intervención. No curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que estimen convenientes.

### **ARTIGO 38.- COMITÉ DE EXPERTOS**

Neste procedemento de contratación, os criterios avaliábles de forma automática teñen unha ponderación menor que os criterios cuxa cuantificación dependa de un xuízo de valor, polo que debe atribuírse a valoración dos criterios subxectivos a un comité de expertos.

O comité de expertos estará formado por 3 membros, tódos eles expertos e con cualificación adecuada.

Os expertos que integran o comité son:

D. Javier Castro Fernández. Médico de urxencia do Hospital Xeral de Vigo.

Dona Sara Mirelis Vilar. Residente Médica de Familia do CHOP.

D. Carlos Martín Picola. Médico do Servizo de drogodependencias do Concello de Pontevedra.

Este comité de expertos considerase o máis cualificado para valorar as ofertas de criterios subxectivos formuladas polos licitadores.

O comité de expertos valorará os criterios avaliábles mediante xuízos de valor que se conteñen no artigo 35.B deste prego, conforme os criterios e dentro dos límites de puntuación que se fixan no mesmo. En consecuencia, a valoración das ofertas contida no sobre C da documentación administrativa correspóndelle en exclusiva a este comité, con exclusión de calquera outro. A valoración que efectúe o comité de expertos ten un carácter vinculante para a Mesa de contratación no que se refire a asignación concreta de puntuación e os efectos de formular proposta de clasificación das ofertas formuladas.

O comité de expertos tamén deberá ter en conta se as ofertas avaliábles mediante xuízos de valor están presentan valores anormais e proporcionados conforme o establecido neste prego, debendo indicar na súa valoración as que consideran que o están e cales son os motivos concretos, tendo en conta a prima por asegurado máxima mensual.

O prazo que disporá o comité de expertos para valorar as ofertas presentadas polos licitadores referidas aos criterios subxectivos será de 10 días a contar desde a remisión destas por parte da Mesa de Contratación.

### **ARTIGO 39.- APERTURA, CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS**

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á apertura e cualificación previa da documentación xeral dos sobres A en sesión non pública.

A mesa de contratación, de acordo co previsto no art. 22 do RD 1098/2001, poderá recabar do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, clasificación e ausencia de prohibicións para contratar, ou incluso pedirlle a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprimentarse nun prazo máximo de 5 días naturais.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

Se a mesa de contratación observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, concederá un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores os subsanen.

Os requirimentos de complemento ou aclaración e de subsanación de documentación faranse públicos mediante o seu anuncio comunicándoo verbalmente ou mediante fax, de así estimarse, aos interesados, sen prexuízo do correspondente anuncio no Perfil de contratante do Concello de Pontevedra, e no taboleiro de anuncios, momento desde o que contará o prazo de subsanación.

En todo caso non procederá a apertura do sobre B e C ata que a mesa decidise sobre as ofertas que fosen admitidas, unha vez transcorridos, de terse requirido, os prazos anteriores para complemento, aclaración ou subsanación da documentación. Só se abrirán os sobres B e C das ofertas admitidas.

Do actuado conforme co sinalado neste artigo deixarase constancia expresa na acta que para o efecto deberá de levantarse, na que así mesmo, farase pronunciamento explícito sobre os empresarios admitidos a licitación, os rexeitados e as causas de exclusión.

O segundo día hábil, non sábado, de concluír o prazo de presentación de proposicións, procederá ás 12,00 horas e rematada a cualificación da documentación, á apertura en acto público do sobre C, que terá lugar na Casa do Concello de Pontevedra. Tal día, non obstante, poderá ser demorado para o suposto de presentarse ofertas por correo ou a través das vías sinaladas no art. 38.4 da Lei 30/1992, ou de requirirse aclaracións, complementos ou subsanacións da documentación presentada. Neste caso, o día de apertura de proposicións fixarase no perfil de contratante e no taboleiro de anuncios do Concello cunha antelación de, cando menos, 2 días ao da súa celebración. En todo caso, o acto público de apertura dos sobres C non poderá demorarse máis de 7 días contados desde o seguinte ao de apertura da documentación xeral.

O acto comezará dando lectura ó anuncio do contrato, para seguir co reconto das proposicións presentadas, contrastadas coas certificacións emitidas pola oficinas receptoras. Tras isto darase coñecemento ao público do número de proposicións presentadas e do nome dos licitadores, invitando aos licitadores a comprobar que os sobres presentados se atopan en iguais condicións nas que foron entregados.

A Secretaría da Mesa procederá á apertura dos sobres C, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e dará conta sucinta da documentación contida neles, coa posibilidade do seu exame polos interesados. Aberto o sobre C, a mesa finalizará o acto público, sinalando día e hora para a apertura dos sobres B.

A Mesa de contratación dará traslado das ofertas contidas no sobre C ao comité de expertos aos efectos de que proceda a valorar estas conforme os criterios subxectivos segundo e de conformidade con estes pregos. O comité de expertos deberá valorar as ofertas do sobre C nun prazo de 10 días a partir da recepción destes. Unha vez valorados os sobres C, o comité de expertos dará traslado dos sobres valorados xunto coa súa valoración a Mesa de Contratación. A valoración do comité de expertos ten carácter vinculante para a Mesa no que se refire a asignación concreta de puntuación e os efectos de formular proposta de clasificación. O comité de expertos deberá ter en conta se as ofertas avaliadas mediante xuízos de valor presentan valores anormais e proporcionados conforme o establecido neste prego, debendo indicar na súa valoración as que consideran que o están e cales son os motivos concretos.

As proposicións afectadas por calquera das causas precisadas no artigo 84 do RD 1098/2001 serán rexeitadas de xeito motivado.

No día indicado, e con carácter previo á apertura dos sobres B procederase a dar lectura á valoración dos aspectos subxectivos das proposicións a que se refire a documentación contida no sobre C) realizada polo comité de expertos.





EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

Aberto o sobre B, con lectura das ofertas, a mesa finalizará o acto público de apertura de proposicións, pasando a deliberar sobre os criterios obxectivos segundo os pregos e podendo solicitar os informes que considere convenientes.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no artigo 84 do RD 1098/2001 serán rexeitadas de xeito motivado.

A mesa unha vez valorados de acordo cos criterios de adxudicación as ofertas presentadas polos licitadores, formulará no seu caso, proposta de declaración de ofertas desproporcionadas ou anormais, tramitado o procedemento establecido no artigo 31 destes pregos, así como proposta de clasificación das restantes proposicións, por orden decrecente en atención as súas oferta.

A proposta de exclusión de ofertas desproporcionadas e de clasificación das restantes non crea dereito algún para os licitadores.

#### **ARTIGO 40.-EXCLUSIÓN DE OFERTAS E CLASIFICACIÓN DAS RESTANTES PRESENTADAS**

Se o órgano de contratación, á vista do procedemento tramitado segundo o artigo 36 e da proposta da mesa de contratación, estimase que algunha oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, declarará como desproporcionada ou anormal e a excluirá da clasificación.

O órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estime pertinentes.

#### **ARTIGO 41.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA.**

O órgano de contratación requirirá ao licitador que houbese presentado a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que houbese recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

- 1.A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 2.Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do prezo anual de adxudicación. De presentarse un aval como garantía definitiva deberá axustarse o modelo que figura como anexo I deste prego.

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveran impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fora rexeitado pola administración.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

3. Xustificante de ter efectuado o ingreso, na Tesourería municipal, da taxa pola formalización do contrato.

4. Para o caso de adxudicación a unha agrupación de empresas deberán estas de acreditar a súa constitución en escritura pública, e aportar o NIF asignado á Agrupación. Así mesmo, deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da esixencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

De non cumpríntese adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orden en que se atopasen clasificadas as ofertas.

#### **ARTIGO 42.- ADXUDICACIÓN**

Dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación precisada no artigo anterior, o órgano de contratación deberá ditar resolución de adxudicación do contrato, sempre que o licitador houberse presentado dita documentación e acreditado que reúne as condicións esixidas ao efecto.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. Deberá conter os extremos sinalados no artigo 135.4 da LCSP.

O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións.

#### **ARTIGO 43.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

O contrato non poderá formalizarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel no que houberse recibido o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se houberse interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederase cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Se por causa imputable ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se houberse esixido, e procederá a indemnización dos danos e perdas ocasionados ao Concello de Pontevedra. Neste suposto poderá adxudicarse o contrato á seguinte proposta máis vantaxosa, previa acreditación dos extremos do artigo 41.

### **CAPÍTULO XI** **GARANTÍA DEFINITIVA**

#### **ARTIGO 44.- GARANTÍA DEFINITIVA.**



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

O contratista esta obrigado a constituír unha garantía definitiva polo importe do 5% do prezo anual de adxudicación. Está garantía poderá presentarse nalgunha das formas previstas na LCSP.

A garantía será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato. Fíxase un prazo de garantía de 6 meses, contados desde a finalización da duración do contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 88 da LCSP así como das penalidades que se impoñan conforme a este prego

A incautación parcial ou total da garantía por incumprimento obrigará ao contratista a repoñer o importe da garantía incautada no prazo de 15 días naturais.

A garantía definitiva será devolta o contratista cando se extinga o contrato, sempre que se deixase libres e vacuos os bens e instalacións que deban reverter ao Concello e en bo estado de conservación e mantemento, e non teñan que facerse efectivas responsabilidades sobre esta.

## **CAPÍTULO XII** **DA CONDICIÓN DE ENCARGADO DO TRATAMENTO DO CONTRATISTA.**

### **ARTIGO 45.- DEFINICIÓNS**

Responsable do ficheiro ou tratamento: persoa física ou xurídica, de natureza pública ou privada, ou órgano administrativo, que decida sobre a finalidade, contido e uso do tratamento.

Encargado do tratamento: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou calquera outro organismo que, só ou xunto con outros, trate datos persoais por conta do responsable do tratamento.

Segundo a terminoloxía anterior, o Concello de Pontevedra é o responsable dos ficheiros e a empresa contratista será a encargada do tratamento dos mesmos.

### **ARTIGO 46.- OBXECTO DO TRATAMENTO.**

O obxecto tratamento son datos persoais recollidos en ficheiros do Concello de Pontevedra relativos aos empregados municipais, os seus familiares, etc...

Este tratamento realizarase de conformidade co establecido na LOPD e no Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, ou normativa que a substitúa.

### **ARTIGO 47.- DATOS AOS QUE SE DA ACCESO E NIVEL DE SEGURIDADE.**

Os datos persoais que forman parte dos ficheiros do Concello de Pontevedra, aos que terá acceso o encargado do tratamento son de nivel básico, medio e alto.

O acceso por parte do encargado do tratamento aos datos contidos nos ficheiros sinalados non se considerarán comunicación nin cesión de datos de conformidade co establecido no artigo 12 da LOPD.

### **ARTIGO 48.- OBRIGAS DO ENCARGADO DO TRATAMENTO.**

O encargado do tratamento soamente tratará os datos que se lle encomendaron conforme ás instrucións do responsable do ficheiro e comprométese ao cumprimento das medidas de seguridade previstas ou que se prevexan para os ditos ficheiros de conformidade coa lexislación reguladora.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

Os datos facilitados non se aplicarán nin utilizarán para unha finalidade diferente á que figura neste documento, nin o encargado do tratamento os comunicará, nin sequer para os efectos da súa conservación, a terceiros.

O encargado do tratamento e o persoal ao seu cargo están obrigados a gardar secreto e absoluta confidencialidade respecto dos datos que lles foron confiados para o seu tratamento.

O encargado do tratamento deberá adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, roubo, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que estean expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

Unha vez cumprida a prestación contractual ou en caso de resolución do contrato, os datos así como calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento, serán destruídos na súa totalidade ou devoltos ao responsable do ficheiro, tendo en conta os distintos soportes ou documentos onde estes poidan constar: bases de datos en discos, ficheiros temporais, copias de seguridade, soportes en papel, etc.

Unha vez realizada a operación mencionada no punto anterior, o encargado do tratamento comprométese a entregar unha declaración por escrito ao responsable do ficheiro onde conste que así se realizou.

No caso de que o encargado do tratamento destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións do presente contrato, será considerado tamén responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrera persoalmente.

Será de aplicación en todo caso, no non previsto neste contrato, a normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

### **CAPÍTULO XIII** **RÉXIME XURÍDICO E ORDE XURISDICCIONAL**

#### **ARTIGO 49.- RÉXIME XURÍDICO.**

No non previsto neste prego, o presente contrato privado rexerá, en canto a preparación e adxudicación pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento ( Real Decreto 1098/2001 e RD 817/2009), aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto aos efectos e extinción, á Lei 50/1980, do contrato de seguro, Texto refundido 6/2004, da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados e demais normativa de dereito privado.

#### **ARTIGO 50.- ORDE XURISDICCIONAL**

As cuestións litixiosas derivadas do presente contrato serán competencia do Orde Xurisdiccional Civil, someténdose as partes contratantes ó foro dos Xulgados e Tribunais de Pontevedra.

Non obstante, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnadas ante o Orde Xurisdiccional contencioso-administrativo, de acordo coa normativa reguladora de dita xurisdición. Resultando que este contrato é susceptible do recurso previsto no artigo 310 da LCSP, nos termos nel establecidos, a xurisdición contenciosa-administrativa tamén coñecerá dos recursos interpostos contra as resolucións que se diten polos órganos de resolución de recursos previstos no artigo 311 da LCSP.



EXCELENTÍSIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.- Modificacións normativas**

As referencias contidas neste prego a preceptos doutras normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aqueles preceptos que os substitúan ou modifiquen.



EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

**ANEXO I**

**MODELO DE AVAL**

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca).....,NIF .....con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) en.....,na rúa/praza/avenida..... e no seu nome (nome e apelidos dos Apoderados)..... con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta da verificación de poderes que se salienta na parte inferior deste documento,

**AVALA**

a: (nome e apelidos ou razón social do avalado).....,NIF..... en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impón/ñen a constitución desta garantía) ..... para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido) ..... ante (órgano administrativo, organismo autónomo ou ente público) ..... por importe de: (en letra) ..... euros (en cifra).....

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no art. 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e os apoderados abaixo asinantes declaran baixo a súa responsabilidade que o poder outorgado continúa en vigor.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Pontevedra autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de Contratos das Administracións Públicas e lexislación complementaria.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento do Concello de Pontevedra, con suxeición aos termos previstos na LCSP e Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

.....(lugar e data)  
.....(razón social da entidade)  
.....(sinatura dos Apoderados)

Verificación de poderes de acordo co establecido no artigo 58 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas

.....(lugar e data)

Pontevedra, 26 de xullo de 2011.  
Concelleiro de Réxime Interior e Persoal.

Vicente García Legísima.